

1.- Exame de selectividade, páx. 2

2.- Teoría.

- Alfabeto, páx. 3
- Acento ortográfico, páx. 4
- Coma, páx. 4
- Punto e coma, páx. 4
- Guión, páx. 4
- Diérese, páx. 5
- Maiúsculas, páx. 5
- Interrogación e admiración, páx. 5
- Substantivo, páx. 5
- Comparativo e superlativo, páx. 6
- Artigo, páx. 6
- Pronome persoal, páx. 7
- Posesivo, páx. 8
- Demostrativo, páx. 9
- Verbo, páx. 9
- Cuantificadores e identificadores, páx. 14
- Relativo, interrogativo e exclamativo, páx. 14
- Adverbio, páx. 14
- Preposición, páx. 15
- Conxunción, páx. 16
- Análise sintáctica, páx. 17
- Análise das cláusulas/oracións, páx. 18
- Léxico, páx. 17
- Semántica, páx. 20
- Fonoloxía, páx. 21

3.- Sociolingüística

- 1.- O conflito lingüístico. Definición causas e consecuencias. Páx. 23
- 2.- Lingua minorizada e lingua minoritaria. Definición. Semellanzas e diferenzas. Páx. 23
- 3.- Bilingüismo e diglosia. Definición, causas e consecuencias. Páx. 24
- 4.- A diversidade plurilingüe e pluricultural de España. Identificación das linguas, territorio que ocupan e marco legal en que se desenvolven. Páx. 25
- 5.- O galego entre 1900 e 1936. Páx. 26
- 6.- O galego entre 1936 e 1975. Páx. 26
- 7.- O galego do 1975 á actualidade. Marco legal. Páx. 27
- 8.- A normalización lingüística do galego. Estado actual e perspectivas da lingua galega. Páx. 29
- 9.- O galego nos medios de comunicación de masas escritos e audiovisuais. Páx. 30

4.- Literatura

- 1.- Noriega Varela e Ramón Cabanillas. Obras representativas e carac. da súa escrita. Páx. 31
- 2.- Movimentos de vangarda. Características. Autores e obras. Páx. 32
- 3.- A xeración Nós. Características. Autores e obras. Páx. 33
- 4.- A literatura galega do exilio. Características. Autores e obras. Páx. 34
- 5.- Tendencias da lírica na segunda metade do século XX. Grupos de poetas. Páx. 35
- 6.- Tendencias da narrativa galega de posguerra. Autores e obras. Páx. 36
- 7.- O teatro galego do século XX. Tendencias. Autores e obras. Páx. 38
- 8.- Os modelos narrativos de finais do século XX. Características. Autores e obras. Páx. 39
- 9.- Tendencias actuais da lírica, da narrativa, da dramática e da ensaística. Páx. 40

5.- Exames de selectividade. Páx. 43

CURSO 2007-2008

EXAME DE SELECTIVIDADE

A **estrutura** e contido da **proba** da materia Lingua galega e literatura serán os de anos anteriores. Constará, polo tanto, de tres bloques:

**1º bloque:** Lectura, comprensión, análise e comentario dun texto. Valorarase con 3 puntos e divídese en dúas preguntas:

*Pregunta 1: Valorarase con 1 punto e nela poderase solicitar:*

- O tema do texto e unha síntese.
- Un título para o texto e unha síntese del.
- A estrutura do texto.
- Un esquema das ideas principais e secundarias do texto.

*- Pregunta 2: Valorarase con 2 puntos e nela pedirase un comentario crítico dunha frase, dun fragmento ou da totalidade do texto. Para a súa puntuación terase en conta o xuízo crítico das ideas contidas no texto, así como a capacidade do alumno para estruturar correctamente as ideas que expón e a corrección da expresión.*

**2º bloque:** Nel faranse tres preguntas de estrutura interna da lingua e unha sobre lingua e sociedade. Cada unha será valorada con 1 punto:

- **Pregunta 3:** Versará sobre conceptos de fonética e fonoloxía ou morfoloxía.
- **Pregunta 4:** Sobre contidos de semántica, léxico ou propiedades do texto.
- **Pregunta 5:** Unha pregunta de sintaxe, que pode incluír unha análise sintáctica.

*Calquera das nomenclaturas empregadas son válidas. Concretamente no caso da posible análise sintáctica será válido calquera modelo dos existentes, tanto na súa representación gráfica (árbore, caixas, etc.) coma na terminoloxía ou concepción sintáctica (existencia ou non de cláusulas, existencia ou non de interordinadas, etc.). En todo caso o que se pretende é que o alumno saiba sinalar os elementos dos que se compón a oración e a xerarquía e relacións existentes entre eles.*

- **Pregunta 6:** Versará as nove posibles preguntas que se poden facer sobre estes contidos:
  - 1.- O conflito lingüístico. Definición causas e consecuencias.
  - 2.- Lingua minorizada e lingua minoritaria. Definición. Semellanzas e diferenzas.
  - 3.- Bilingüismo e diglosia. Definición, causas e consecuencias.
  - 4.- A diversidade plurilingüe e pluricultural de España. Identificación das linguas, territorio que ocupan e marco legal en que se desenvolven.
  - 5.- O galego entre 1900 e 1936.
  - 6.- O galego entre 1936 e 1975.
  - 7.- O galego do 1975 á actualidade. Marco legal.
  - 8.- A normalización lingüística do galego. Estado actual e perspectivas da lingua galega.
  - 9.- O galego nos medios de comunicación de masas escritos e audiovisuais.

**3º Bloque:** Valorarase cun máximo de 3 puntos. Constará dunha pregunta (a sétima, e última, da proba), que versará sobre literatura:

- 1.- *Noriega Varela e Ramón Cabanillas. Obras representativas e características da súa escrita.*
- 2.- *Movimentos de vangarda. Características. Autores e obras.*
- 3.- *A xeración Nós. Características. Autores e obras.*
- 4.- *A literatura galega do exilio. Características. Autores e obras.*
- 5.- *Tendencias da lírica na segunda metade do século XX. Grupos de poetas.*
- 6.- *Tendencias da narrativa galega de posguerra. Autores e obras.*
- 7.- *O teatro galego do século XX. Tendencias. Autores e obras.*
- 8.- *Os modelos narrativos de finais do século XX. Características. Autores e obras.*
- 9.- *Tendencias actuais da lírica, da narrativa, da dramática e da ensaística.*

Como se fixo ata agora, tamén se valorará a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- **Moi graves:** aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontarase 0,2 puntos.
- **Graves:** solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 puntos.
- **Leves:** solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Como resulta xa obvio, nas probas do ano 2007 será obrigatorio o uso das *Normas* do ano 2003, polo que serán penalizadas as solucións non aceptadas nelas.

## I.- ALFABETO

GRAFEMA: representación escrita dun fonema

1.- Os nomes das letras teñen xénero masculino: *o gue, o que, o xe, o zeta...*

Os *dígrafos* representan un único son: *o che, o gue u, o elle, o ene hache, o que u, o erre dobre.*

2.- **k, w, i, y, ç** (*ka, uve dobre, iota, y grego, cedilla*) só se usan en palabras tomadas doutros idiomas: *kantiano, byroniano, wagneriano, Jefferson, Eça de Queiroz*

Obsérvese: *quilo, quilómetro, quilovatio.* (Abreviaturas con *k*)

3.- Exemplos de uso do **h**: *Helena, Henrique, Heladio, hendecasílabo, hedra, hipocrísia, harmonía* (compostos e derivados dos anteriores)

Mais: *arpa, orfo, oso, oco, irmán, inchar, ermida, ombreiro, baía, aí.*

4.- Exemplos de uso do **v/h**:

- *baleiro, orballo, bolboreta, móbil, marabilla. pobo, goberno...*(compostos e derivados dos anteriores)

- *avó, avogado, voda, varrer, vasoira, ouvear, esvarar, pavillón, gravar, gravata, vulto, verniz, verza, covarde, esvelto, vóitre*

5.- **nh** representa unha consoante nasal velar. Debe manterse unida no final de liña.

6.- **g+a,o,u gu+i,e (gü)** Para a representar a gheada: *gh*

7.- Uso do **X**: *exame, extensión, léxico, téxtil, tórax...*

Obsérvese: *escavadora, estender (extensión), estrañar, estraño, estranxeiro esaxeración, esaxerar, esixir, esixente. (oxíxeno)*

## II.-ACENTO ORTOGRÁFICO

1.- **Agudas (oxítonas)**. Ex. : *chofer, chinés*

Acentúanse as polisílabas rematadas en **-vogal (+n,s,ns)**

Mais non levan acento gráfico:

a) **Monosílabos**: *leis, el, ti*.

b) As rematadas en **ditongo decrecente (+n,s)**: *papeis, colleu, amei, tomou, pediu, azuis*.

c) As rematadas noutra consoante que non sexa **-n ou -s**: *cantar, nariz, arroz*.

2.- **Graves (Paroxítonas)**. Ex. : *atmosfera, biosfera, heroe*

Levan acento gráfico cando rematan en consoante diferente de **n, s**, ou en grupos consonánticos distintos de **-ns**: *álbum, móbil, mísil, réptil, Félix, tríceps, carácter*. (Tamén se acentúan as que teñen ditongo decrecente na última sílaba: *amábeis*).

Polo tanto: *cantan, cantas, lapis, canons, colons, dolmens*.

3.- **Esdrúxulas (Proparoxítonas)**.

Todas levan acento gráfico: *mágoa, bárbaro, tépedo, xílgaro, térmite*.

4.- **i, u en hiato**.

Independentemente das regras anteriores, levan acento gráfico as vogais **i, u** tónicas cando van inmediatamente antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que ámbalas vogais non forman ditongo: *aínda, baúl, caída, egoísmo, miúdo, raíña, raíz, ruído, saía, súa, traía, túa, xuízo...* (mais: *prohibo*)

5.- **Estranxeirismos e latinismos**: seguen as normas anteriores.

6.- **Acentos diacríticos**.

á/a ás/as bóla/bola cá/ca cás/cas chá/cha chás/chas có/co cós/cos cómpre/compre cónpren/compren dá/da dás/das dó/do é/e fóra/fora má/ma más/mas máis/mais nó/no nós/nos ó(ao)/o ós(aos)/os óso/oso pé/pe póla/pola pór/por présa/presa sé/se só/so té/te vén/ven vés/ves vós/vos

7.- **Observacións**.

7.1.- As **maiúsculas** levan acento gráfico.

7.2.- Non o levan **os adverbios acabados en -mente, os demostrativos, o numeral un, o pronome el**.

7.3.- Tampouco os **interrogativos e exclamativos**: *Como lle vai? Onde estás?*. Só se acentúan para evitar anfiboloxías: *dille que queres, dille que queres*.

7.4.- O pronome posposto ao verbo conta como unha sílaba máis, pero mantense o acento diacrítico: *cóntallo, éme igual, dálle*.

## III.-A COMA

1.- Separa os elementos dunha enumeración cando non os une unha conxunción.

2.- Úsase despois dunha subordinada, cando precede á principal.

3.- Úsase para separar os vocativos, aposicións...

4.- Úsase coas locucións adverbiais: *pois, é dicir, en fin, finalmente...*

5.- Úsase coas conxuncións adversativas cando introducen oracións curtas.

6.- Úsase nas oracións adxectivas-explicativas, etc.

**Non se separan os elementos da oración con comas (suxeito-verbo...). A coma non pode iniciar unha liña.**

## IV.- PUNTO E COMA

1.- Utilízase en oracións longas cando xa se usou coma e se precisa unha pausa.

2.- Utilízase en oracións longas cando hai unha conxunción adversativa.

**O punto e coma ten pouco uso en galego.**

## V.- O GUIÓN

1.- Úsase para partir unha palabra ao final da liña, coas segundas formas do artigo e en certas palabras compostas: *ce-/rra-/lei-/ro, ma-/cha-/da, co-/rrom-/per, al-/gu-/nha*.

2.- Escríbense con guión as palabras nas que o 1º elemento é non (*non-fumadores, non-aliados*), asociacións ocasionais (*dicionario alemán-galego, maníaco-depresivo*), palabras complexas (*nor-nordeste*) ou estranxeirismos (*streap-tease, foie -grás*).

Mais: *garda civil (gardas civís), moble bar (mobles bar), sofá cama (sofás cama), porco bravo (porcos bravos), cartafol (cartafoles), sapoconcho (sapoconchos), xordomudo, vagalume, malhumor, lusquefusque, cabodano...*

## VI.- A DIÉRESE

- 1.- **güe, güi** para indicar que se pronuncia o **u**: *ungüento, antiqüidade, lingüista.*
- 2.- Co **i** na 1ª e 2ª persoas do plural do imperfecto de indicativo/copretérito dos verbos acabados en -aer, -oer, -oir, -uir: *caíamos, doíades, moíamos, saíades, constituíamos, destituíades.*

## VII. USO DAS MAIÚSCULAS

- 1.- Comezo de escrito, despois de punto.
- 2.- Nomes propios e alcumes.
- 3.- Formas abreviadas de tratamento: *Dra., Vde.*
- 4.- Na 1ª palabra do título dunha obra: *Follas novas* (xornais e revistas en todas: *A Nosa Terra*).
- 5.- Nos substantivos e adxectivos dos nomes de institucións e empresas: *Xunta de Galicia, Adegas Cooperativas.*
- 6.- As siglas escríbense con maiúsculas: *ONU, TVG.*

## VIII.- OS SIGNOS DE INTERROGACIÓN E ADMIRACIÓN

Colócanse só ao final do enunciado (? !). Ao inicio só excepcionalmente.

## IX.- SUBSTANTIVO (e adxectivo)

Forma: *lexema* (significado básico) + *morfemas* (xénero e número). Significado: *común/propio e concreto/abstracto.*

### 1.- XÉNERO

#### **1.1.- Substantivos nos que o cambio de xénero non se refire ao sexo:**

- 1.1.1.- Tamaño: *pipo, rato, barco, vasoiro.*
- 1.1.2.- Feminino colectivo: *madeiro, gran, ovo.*
- 1.1.3.- Semanticamente diferentes: *porto, corte, cura*

#### **1.2.- Xénero mal usado por influencia do castelán:**

1.2.1.- Masculinos: *berce, cal, cárcere, costume, couce, cume, cuspe, dote, fel, labor, leite, lume, mel, nariz, riso, sal, sangue, sinal, sorriso, ubre, legume, nomes de letra.*

#### 1.2.2.- Femininos:

- *cor, dor, orde, orixe, ponte, testemuña, suor, marxe.*
- Palabras acabadas en **-axe**, menos *paxe, traxe, garaxe, personaxe.*
- Palabras acabadas en **-se** (=sis), **-ite** (=itis): *análise, farinxite, peritonite.*
- As que comezan por **á tónico** non mudan de artigo: *a arte*

OBSERVACIÓN: as **árbores froiteiras** teñen o mesmo xénero que a froita, agás *castiñeiro e figueira.*

#### **1.3.- Formación do feminino.**

O feminino fórmase comunmente co morfema **-a**, que se une directamente ao masculino (*deus, rapaz, avó, só, cru, chinés, burgués*) ou substitúe a vogal final da forma masculina (*sobriño, presidente*). Mais:

#### 1.3.1. **Nomes rematados en -n:**

1.3.1.1.- **-án/-á:** *aldeán, artesán, chan, cidadán, cristián, curmán, irmán, pagán, san, alemán, catalán, afgán*

1.3.1.2.- **-án/-ana:** despectivos: *folgazán, charlatán ...*

1.3.1.3.- **-ón/-oa:** *ladrón (ladra), león, patrón, campión.* Nos aumentativos e despectivos **-ona:** *cabezón, abusón, faltón.*

1.3.1.4.- **-in/-ina:** *bailarín (ruín é invariable)*

1.3.2. **Sufixos especiais:** *barón, duque, abade, poeta, rapaz, galo, actor, emperador, rei, heroe, xudeu, sacerdote, tsar.*

1.3.3. **Palabras diferentes** (heterónimos): *mao, bo, cabalo, xenro, castrón, can, home, macho, frade, padriño, pai, marido, padrasto, compadre, príncipe.*

#### 1.3.4. **Non hai formas para o feminino:**

Úsase o artigo: *intérprete, estudante.* Úsase macho/femia para animais: *sapo, pardal, paspallás.*

## 2.- O PLURAL.

- 2.1.- As palabras rematadas en **vogal, ditongo**: engaden **s**: *lei, i, u, bambú, custo, bocoi*.
- 2.2.- As palabras rematadas en **-r** e **-z**: engaden **es**: *mar, vez, luz*.
- 2.3.- As palabras rematadas en **-s** e **-x** (ks):
- 2.3.1.- As agudas: **+es**: *deus, compás...* **Mais**: *luns, fax, lux, unisex* son invariables.
- 2.3.2.- As graves e esdrúxulas son invariables: *choromicas, lapis, martes, oasis, télex, tórax*.
- 2.4.- As palabras rematadas en **-n**: engaden **s**: *can*
- 2.5.- As palabras rematadas en **-l**:
- Monosílabos**: **+es**: *pel, fel, mel, mil, cal, tal, val, xel, ril, sol...*
  - Polisílabos agudos**: **l por is**: *mandil, fusil, cadril, bemol, anel, aval, control...* **Mais**: *eles, aqueles*.
  - Polisílabos graves**: **+es**: *fácil, símil, áxil, túnel, cónsul...*
- Mais -bel**: **-beis** (*amábeis*)
- 2.6.- Os estranxeirismos e cultismos. A maioría engaden **s**: *club, coñac, tic, lord, test*. Algúns engaden **-es**: *húsar, dólar*.
- 2.6.- Só se usan en plural: *andas, nupcias, exequias, tesoiras*.
- 2.7.- Teñen distinto significado en singular e plural: *miolo, aire, lente, auga*.
- 2.8.- Palabras compostas (Vid. o uso do guión): *vacaloura, sapoconcho, vagalume, ollomol/es, cartafol/es...*

## X.- COMPARATIVO E SUPERLATIVO (adxectivos)

- 1.- Grao **positivo**: o significado non está modificado.
- 2.- Grao **comparativo**:
- 2.1.- **De igualdade**: *tan.. coma/como / igual... ca/que/do que*
- 2.2.- **De superioridade**: *máis... ca/que/do que*
- 2.3.- **De inferioridade**: *menos... ca/que/do que*  
*bo/mellor, mao-malo/peor, grande/maior-meirande, pequeno/menor*
- ca e coma** son obrigatorios ante un 2º termo da comparación *pronome persoal*. **Ca** non contrae co artigo *ca o* (ou pode contraer *có*)

**como e do que** son obrigatorios ante un 2º termo da comparación *verbo*.

- 3.- Grao **superlativo**:
- 3.1.- **Relativo**: o/a máis-menos... de-entre..
- 3.2.- **Absoluto**: **-ísimo**: *altísimo, grandísimo. Mais: antiquísimo, fidelísimo, nobilísimo, amabilísimo, celeberrimo, misérrimo, paupérrimo, pulquérrimo*.
- Tamén**: *máximo, mínimo, óptimo, pésimo, supremo, ínfimo*.
  - Moi, bastante, ben, abondo...** + adxectivo.
  - Os prefixos derivativos *hiper, ultra, re, súper...*
  - A repetición do adxectivo. Frases feitas.

## XI.-ARTIGO

- Artigo (determinado)** : **o, a, os, as** (El Rei, El Señor)  
As segundas formas **lo, la, los, las** úsanse con **por** e **u**: *polo, u-lo libro?*  
*Todos os* ou *tódolos, ambas as* ou *ámbalas*.
- Un, unha, uns, unhas**: **artigo indeterminado?**  
Contraccións:  
**Por** e **tras** contraen co artigo: *polo, tralo, pola, trala...*

	<b>o</b>	<b>a</b>	<b>os</b>	<b>as</b>		<b>un</b>	<b>unha</b>	<b>uns</b>	<b>unhas</b>
<b>a</b>	ao (ó)	á	aos (ós)	ás	<b>con</b>	cun	cunha	cuns	cunhas
<b>con</b>	co	coa	cos	coas	<b>de</b>	dun	dunha	duns	dunhas
<b>de</b>	do	da	dos	das	<b>en</b>	nun	nunha	nuns	nunhas
<b>en</b>	no	na	nos	nas					

Exemplos: *veño da Coruña, vou ao Carballiño, saímos antes de os galos cantaren, quere-me máis a min ca a ti, caeulle máis auga á nosa ca á delas.*

## XII.- O PRONOME PERSOAL

### 1.- Formas Tónicas:

	Singular	Plural
1ª persoa	<b>eu</b>	<b>nós / nosoutros, -as</b>
2ª persoa	<b>ti</b>	<b>vós / vosoutros, -as</b>
3ª persoa	<b>el, ela</b>	<b>eles, elas</b>

En réxime de preposición: 1ª **min**, Reflexivo: **si**

Prep. **con**: **comigo, contigo, connosco, convosco, consigo**

Cortesía: **vostede, vostedes** (esixen o verbo en 3ª persoa)

	el	ela	eles	elas
<b>de</b>	<b>del</b>	<b>dela</b>	<b>deles</b>	<b>delas</b>
<b>en</b>	<b>nel</b>	<b>nela</b>	<b>neles</b>	<b>nelas</b>

### 2.- Formas Átonas:

	Singular	Plural
1ª persoa	<b>me</b>	<b>nos</b>
2ª persoa	<b>te</b> (comple. directo) <b>che</b> (comple. indirecto e solidar.)	<b>vos</b>
3ª persoa	<b>o, a/lo, la/no, na</b> (comp. directo) <b>lle</b> (comp. indirecto e solidar.)	<b>os, as/los, las/nos,nas</b> (com. dir.) <b>lles</b> (compl. indirecto e solidar)

-Reflexivo 3ª persoa : **se** Cortesía: 3ª persoa

-O -s final da 1ª de plural dos verbos pérdese ante o pron. persoal **nos**: *perdémonos, esquecermonos.*

-Solidariedade: **che**: atuando a 1. **vos**: atuando a varios. **lle**: de vostede a 1. **lles**: de vostede a varios.

### 3.- Contraccións:

	O	A	OS	AS
<b>ME</b>	mo	ma	mos	mas
<b>CHE</b>	cho	cha	chos	chas
<b>LLE</b>	llo	lla	llos	llas
<b>NOS</b>	nolo	nola	nolos	nolas
<b>VOS</b>	vololo	vola	volos	volas
<b>LLES</b>	llelo	llela	llelos	llelas

### 4.- Valores de **SE** (me,te,se,nos,vos,se). Resume.

- **Reflexivo**: é complemento directo. A acción que realiza o suxeito recae sobre el mesmo. *O can lámbose.* Pode ser nalgún caso complemento indirecto: *preguntouse a razón diso.*

- **Recíproco**: con suxeito múltiple. A acción que realiza cada un recae sobre os demais. *Antón e Helena quérense. Irea e Sara mándanse SMS.*

- **Compoñente verbal**: en verbos que esixen o pronome, forma parte do verbo. *Raquel queixouse da cabeza.*

- Na **pasiva reflexa, impersoal**. *Aínda non se recolleu o millo.*

### 5.- Colocación do pronome átono na frase:

1.- **En oracións subordinadas**: **antes do verbo**

2.- **Non subordinadas**: **despois do verbo**. EXCEPTO (**vai antes**):

2.1.- **Oracións desiderativas e enfáticas**. Para salientar a palabra que precede ao verbo.

2.2.- **Oracións introducidas por partícula interrogativa/exclamativa**.

2.3.- **Se ao verbo precede un negativo**

2.4.- " " " : **alguén, todos, calquera...**

2.5.- " " " : **case, ata, disque, eis, mesmo, seica, velaí, aínda, axiña, sempre, só, tamén, ben, cedo, tarde, mal, moito,talvez, quizais, .....**

3.- Cos **infinitivos**: se o infinitivo é suxeito, predicado nominal ou aposto, o pronome vai **despois**. No resto dos casos pode ir **antes** ou **despois**, mesmo se pode intercalar entre o inf. e unha preposición/conxunción que o rexe.

4.- Cos **xerundios**: se é núcleo verbal, o pronome vai **despois**; no resto dos **casos antes** ou **despois**.

**4.- Orde de colocación dos pronomes**: Primeiro vai **se**, logo o pron. de **solidariedade**, logo o **complemento indirecto** e finalmente o **complemento directo**.

### XIII.- POSESIVO

<i>masculino</i>	<i>feminino</i>	<i>masculino</i>	<i>feminino</i>
<b>meu</b>	<b>miña</b>	<b>meus</b>	<b>miñas</b>
<b>teu</b>	<b>túa</b>	<b>teus</b>	<b>túas</b>
<b>seu</b>	<b>súa</b>	<b>seus</b>	<b>súas</b>
<b>noso</b>	<b>nosa</b>	<b>nosos</b>	<b>nosas</b>
<b>voso</b>	<b>vosa</b>	<b>vosos</b>	<b>vosas</b>
<b>seu</b>	<b>súa</b>	<b>seus</b>	<b>súas</b>
<i>singular</i>	<i>singular</i>	<i>plural</i>	<i>plural</i>

Existe un posesivo de respecto **mi** que acompaña a *madre, padre, tío, señor, amo...*

#### **Observacións:**

1.- É obrigatorio o uso de artigo ante adxectivo posesivo (excepto nos vocativos). Cos nomes de parentesco é optativo.

2.- Os de 3ª persoa acompañados de numerais poden indicar cantidade aproximada ou ponderación; *xa ten os seus 20 anos / valerá as súas boas pesetas.*

3.- **De meu, de noso, de teu, de voso, de seu**: propiedade exclusiva ou por si: *teño casa de meu / a casa caeu de seu.*

4.- **Os meus, os teus....**: a familia

5.- **Das miñas, das túas....**: falcatruadas, trasnadas, tarefas: *xa anda a facer das súas / xa che pasei as miñas.*

6.- **Cadanseu, súa, seus, súas**: sentido distributivo, algo para cada un.

7.- Posesivo= de+pron. persoal: *diante miña, túa, súa....*

8.- O posesivo pode indicar algo habitual: *xa volveron ao seu*

### XIV.- DEMOSTRATIVO

<b>MASCULINO</b>	este	ese	aquel	estes	eses	aqueles
<b>FEMININO</b>	esta	esa	aquela	estas	esas	aquelas
	isto	iso	aquilo			

1.- **Estoutro, a, os, as, esoutro, a, os, as, aqueloutro, a, os, as**: úsanse en correlación cun simple sinalando a 2ª cousa dunha serie de 2.

2.- O demostrativo contrae coas preposicións **de, en**: *deste, naquel, niso, daqueloutra, nestoutro...*

3.- **Aquel** (substantivo): *motivo, aspecto, aparencia.*

2.- **Aquela** (substantivo): *coidado, agarimo, interese, desgraza.*

3.- **Daquela** (adverbio): *naquel tempo, entón.*

4.- **Nisto, con estas, nestas**: *de repente, nese momento*

### XV.- VERBO

#### **1.- Uso do infinitivo persoal/conxugado/flexionado.**

Unha das características do galego-portugués é a de posuír un infinitivo flexionado que é portador dun morfema de persoa.

##### **1.1.- Debe usarse:**

1.1.1.- Sempre que o infinitivo vaia introducido por unha preposición (e non forma parte de perífrase verbal).

1.1.2.- Cando o infinitivo ten un suxeito propio, diferente do do verbo principal.



## 1.2.- Non pode usarse:

1.2.1.- Cando ten o mesmo suxeito que o verbo antecedente do que depende ou nas perífrases verbais.

1.2.2.- Cando non ten un suxeito determinado nin posibilidades de repoñelo.

1.2.3.- Cando un complemento átono do outro verbo fai de suxeito do infinitivo: *gústanos gañar*.

## 2.- Valor dos tempos e modos.

2.1.- **O MODO:** Expressa a actitude do falante con relación á acción verbal.

- **Indicativo:** feito real, obxectivo.

- **Subxuntivo:** feito como posible, como desexo ou mandado atenuado; tamén dúbida, emoción, temor, etc.

- **Imperativo:** feito como mandado atenuado ou orde.

2.2.- **O TEMPO:** o tempo é expresado tamén polos adverbios...

2.2.1.- **Presente de Indicativo.** Coincidencia co momento actual.

- *Presente habitual:* acción frecuente.

- *Presente histórico ou narrativo:* sucesos do pasado.

- *Presente intemporal:* verdades permanentes.

- *Presente prospectivo:* certeza no futuro.

- *Presente imperativo:* mandado atenuado.

2.2.2.- **Copretérito (pret. imperfecto) de indicativo.** Coincidencia cun momento do pasado (un adverbio ou outro verbo).

- *Copretérito narrativo:* nos contos, historias...

- *Copretérito. de cortesía.*

- *Copretérito con valor de futuro (desde o pasado).*

2.2.3.- **Pretérito (p. perfecto).** Un feito pasado máis ou menos afastado (non precisa referente).

- *Valor imperativo.*

- *Pretérito de futuro:* acción futura que se realizará axiña.

2.2.4.- **Antepretérito (pretérito pluscuamperfecto).** Un feito pasado con relación a outro tamén pasado -non con respecto ao momento actual-.

2.2.5.- **Futuro de Indicativo.** Feito que aínda non sucedeu no momento actual.

- *Incerteza, posibilidade.*

- *Obrigatoriedade.*

- *Cortesía.*

2.2.6.- **Pospretérito (Condicional / futuro hipotético).** Feito futuro con relación a un tempo pasado.

- *Incerteza na pasado.*

- *Cortesía.*

2.2.7.- **Presente de Subxuntivo.** Coincidencia co momento actual ou co futuro.

2.2.8.- **Pretérito (imperfecto) de subxuntivo.** Tempo pasado, presente (feito irreal) ou futuro (referente ao pasado)

N.B. As formas **-ra** son antepretérito e as formas **-se**, pretérito de subxuntivo (mais **-ra** tamén pode ser subxuntivo)

2.2.9.- **Futuro de subxuntivo** -pouco usado-. Unha acción futura que é posible que se realice.

2.3.- **AS FORMAS NOMINAIS.** Non expresan tempo nin modo.

2.3.1.- **O Infinitivo** (=substantivo). Expressa a acción verbal en potencia, sen ter en conta se se está a realizar ou non.

2.3.2.- **O xerundio** (=adverbio). Modifica adverbialmente o verbo principal expresando unha circunstancia a el referida. A acción está vista na súa realización.

Precedido de **en**: acción sucedida inmediatamente antes que a do verbo principal.

2.3.3.- **O participio** (=adxectivo). Pode funcionar como un adxectivo perdendo case o seu sentido verbal ou como núcleo (case sempre seguido dun substantivo suxeito)

1ª conjugación				2ª conjugación				3ª conjugación			
tema	suf.flexio.			tema	suf.flexio.			tema	suf.flexio.		
Rad	VT	SMT	SNP	Rad	VT	SMT	SNP	Rad	VT	SMT	SNP
<b>PRESENTE DE INDICATIVO</b>											
and			o	tem			o	part			o
and	a		s	tem	e		s	part	e		s
and	a			tem	e			part	e		
and	a		mos	tem	e		mos	part	i		mos
and	a		des	tem	e		des	part	i		des
and	a		n	tem	e		n	part	e		n
<b>COPRETÉRITO (pretérito imperfecto) DE INDICATIVO</b>											
and	a	ba		tem	í	a		part	í	a	
and	a	ba	s	tem	í	a	s	part	í	a	s
and	a	ba		tem	í	a		part	í	a	
and	a	ba	mos	tem	i	a	mos	part	i	a	mos
and	a	ba	des	tem	i	a	des	part	i	a	des
and	a	ba	n	tem	í	a	n	part	í	a	n
<b>PRETÉRITO (pretérito perfecto) DE INDICATIVO</b>											
and	e		i	tem	í		n	part	í		n
and	a		ches	tem	i		ches	part	i		ches
and	o		u	tem	e		u	part	i		u
and	a		mos	tem	e		mos	part	i		mos
and	a		stes	tem	e		stes	part	i		stes
and	a		ron	tem	e		ron	part	i		ron
<b>ANTEPRETÉRITO (pretérito pluscuamperfecto) DE INDICATIVO</b>											
and	a	ra		tem	e	ra		part	i	ra	
and	a	ra	s	tem	e	ra	s	part	i	ra	s
and	a	ra		tem	e	ra		part	i	ra	
and	a	ra	mos	tem	e	ra	mos	part	i	ra	mos
and	a	ra	des	tem	e	ra	des	part	i	ra	des
and	a	ra	n	tem	e	ra	n	part	i	ra	n
<b>FUTURO DE INDICATIVO</b>											
and	a	re	i	tem	e	re	i	part	i	re	i
and	a	rá	s	tem	e	rá	s	part	i	rá	s
and	a	rá		tem	e	rá		part	i	rá	
and	a	re	mos	tem	e	re	mos	part	i	re	mos
and	a	re	des	tem	e	re	des	part	i	re	des
and	a	rá	n	tem	e	rá	n	part	i	rá	n
<b>POSPRETÉRITO (condicional, futuro hipotético) DE INDICATIVO</b>											
and	a	ría		tem	e	ría		part	i	ría	
and	a	ría	s	tem	e	ría	s	part	i	ría	s
and	a	ría		tem	e	ría		part	i	ría	
and	a	ría	mos	tem	e	ría	mos	part	i	ría	mos
and	a	ría	des	tem	e	ría	des	part	i	ría	des
and	a	ría	n	tem	e	ría	n	part	i	ría	n
<b>PRESENTE DE SUBXUNTIVO</b>											
and	e			tem		a		part		a	
and	e		s	tem		a	s	part		a	s
and	e			tem		a		part		a	
and	e		mos	tem		a	mos	part		a	mos
and	e		des	tem		a	des	part		a	des
and	e		n	tem		a	n	part		a	n
<b>PRETÉRITO (pretérito imperfecto) DE SUBXUNTIVO</b>											
and	a	se		tem	e	se		part	i	se	
and	a	se	s	tem	e	se	s	part	i	se	s
and	a	se		tem	e	se		part	i	se	
and	a	se	mos	tem	e	se	mos	part	i	se	mos
and	a	se	des	tem	e	se	des	part	i	se	des
and	a	se	n	tem	e	se	n	part	i	se	n
<b>FUTURO DE SUBXUNTIVO: No verbo regular igual que o infinitivo.</b>											
<b>IMPERATIVO</b>											
and	a			tem	e			part	e		
and	a		de	tem	e		de	part	i		de
<b>FORMAS NOMINAIS : INFINITIVO, GERUNDIO E PARTICIPIO</b>											
and	a	r		tem	e	r		part	i	r	
and	a	r	es	tem	e	r	es	part	i	r	es
and	a	r		tem	e	r		part	i	r	
and	a	r	mos	tem	e	r	mos	part	i	r	mos
and	a	r	des	tem	e	r	des	part	i	r	des
and	a	r	en	tem	e	r	en	part	i	r	en
and	a	ndo		tem	e	ndo		part	i	ndo	
and	a	do		tem	i	do		part	i	do	

### 1.- Verbos con alternancia vocálica no radical.

a) **ei/i**: *advertir, divertir, referir, repetir, espir, dixerir, suxerir, medir, ped r...*  
 mido, mides, mide, medimos, medides, miden // mida, midas, mida, midamos, midades, midan  
 // mide, medide

b) **ei/i**: *ferir, seguir, sentir, servir, mentir* e derivados: *perseguir, consentir, desmentir*, etc.

c) **u/o**: *acudir, bulir* (derivs.), *cubrir* (comp.), *cumprir* (= precisar), *cuspir, durmir, engulir, fundir* (=render) *fluxir, lucir* (derivs.), *muxir, ruxir, sacudir, subir, sufrir, sumir* (derivs.), *xunguir, tusir, ulir, xurdir*

### 2.- Son regulares: **os acabados en -cer** (menos *facér*), **-cir** (menos *dicir*):

nazo, parezo, aparezo, renazo, conduzo, reduzo, produzo.....

naces, pareces, apareces, renaces, conduces, produces.....

naza, pareza, apareza, renaza, conduza, produza.....

nacín, parecín, reducín, producín, conducín....

reduciras, conduciras, produciras.....

### 3.- Algúns verbos con **futuro de indicativo** e **condicional** regular son:

*caber, haber, poder, poñer/pór, querer, saber, saír, ter, valer, vir*

caberei, haberás, poderá , poñeremos/poremos, queredes, saberá n, terei, valerás, viría,

caberiamos, haberiades, poderían, poñería/poría, querería, saberíamos, sairiades, terían, valerei, virías....

### 4.- **ler, crer, rir (reler, sorrir...)**: só irregular a 1ª do pres. de indicativo:

leo, les, le, lemos, ledes, len, // lía, lerei, lería, lín, lera....

creo, cres, cre, cremos, credes, cren, // cría, crerei, crin, crera... ríó, ris, ri, rimos, rides, rin, // ría, rirei, rin, riría, rira....

### 5.- Os verbos que teñen o **radical do pretérito perfecto irregular** tamén o teñen no **futuro de subxuntivo**. p.ex.: *facér, poñer, dar, vir, ver, estar*:

fixer, puxer, der, viñer, vir, estiver.....

### 6.- Son da **segunda conxugación**, entre outros moitos, os seguintes verbos:

*bater* (combater, debater, rebater..), *correr* (concorrer, escorrer, ocorrer, percorrer, transcorrer..)

*derreter, fender, ferver, render, rexer, romper* (corromper, interromper, prorromper..), *verter*

(converter, perverter...), *xemer* **Mais:** *advertir, divertir, tusir...*

### 7.- Formas irregulares de **valer**: vallo, valla, vallas, valla, vallamos, vallades, vallan. O resto é regular.

**PERÍFRASES VERBAIS/COMPLEXOS VERBAIS/FORMAS PERIFRÁSTICAS**

**Verbo auxiliar +(partícula)+ Verbo auxiliado**  
 en forma persoal en forma impersonal:  
 infinitivo/xerundio/participio  
 perdeu o significado propio conserva o significado propio  
 aporta: persoa, tempo, aspecto...  
 A perífrase compórtase como unha unidade formal e non como dous verbos

**PRINCIPAIS PERÍFRASES**

1.- **Temporais**: futuridade, imediatez.

\***IR + INFINITIVO**: movemento, futuro. *Vai chover hoxe. Vou ir de vacacións este Nadal*

\***HABER (DE) + INFINITIVO**: futuro. *Han de chegar .*

\***ESTAR A/PARA + INFINITIVO**: futuro inmediato. *Olla, está para chover.*

\***ANDAR PARA + INFINITIVO**: futuro inmediato. *María anda para ter un neno.*

2.- **Modais**: obriga ou hipótese/probabilidade.

\***HABER (DE) + INFINITIVO**: hipótese. *Ha (de) andar por oitenta pesos.*

En pretérito : acción a piques de se realizar(ou imperfectiva).  
*Tropezou e houbo caer.*

\***HABER QUE + INFINITIVO**: obriga. *Hai que ser educados e saber comportarse.*

\***TER QUE/DE + INFINITIVO**: obriga. *Síntoo, mais teñen que marchar axiña.*

\***DEBER (DE) + INFINITIVO**: obriga ou hipótese. *Para aprobaren deben tirar un 5. Aquí debe vivir un gaiteiro.*

\***PODER + INFINITIVO**: hipótese. *Podo facer un exame sorpresa en calquera momento.*

3.- **Aspectuais** (os tempos non expresan o aspecto):

a) **Imperfectivas**: acción na súa duración, desenvolvéndose.

\***ESTAR + XERUNDIO (=A+INF)**. *Está a chover. Estaba cantando.*

\***ANDAR + XERUNDIO (=A+INF)**: movemento continuado, prolongado.  
*Anda a preparar oposicións.*

\***LEVAR + XERUNDIO (=A+INF)**: incide sobre o inicio. *Leva chovendo un mes.*

\***SEGUIR + XERUNDIO (=A+INF)**: continúa un proceso anterior. o  
*Teucro segue a xogar ben.*

\***IR + XERUNDIO**: progresivo. *A cousa vai indo a mellor.*

\***VIR + XERUNDIO**: segue o anterior. *E ti de quen vés sendo?*

b) **Perfectivas**: acción acabada, proceso concluído.

\***ACABAR DE + INFINITIVO**. *Cando acabedes de charlar, poñédevos a estudar.*

\***VIR DE + INFINITIVO**: Fin dun movemento. *Veñen de cantar en París.*

\***DEIXAR DE + INFINITIVO**. *Cando deixe de chover, sairemos dar unha volta.*

\***DAR + PARTICIPIO** en interrogativas e negativas: non se consegue rematar o proceso iniciado. *Eu non dou chapado todo ese librote. ¿Deches sabido onde vive?*

\***LEVAR + PARTICIPIO**: matiz reiterativo. *Eu lévovos sufrido moito nesta vida, meus fillos.*

\***TER + PARTICIPIO**: matiz reiterativo: non substitúe perfectamente o pretérito perfecto castelán. *Xa che teño dito que non quero probar o tabaco.*

Tamén se poden considerar terminativas (fin dun proceso):

\***CHEGAR A + INFINITIVO**. *Nunca chegou a se saber quen foran os asasinos.*

\***ACABAR POR + INFINITIVO**. *Os criminais acabaron por se entregar.*

\***VIR A + INFINITIVO**. *E así foi como veu a saberse quen fora o autor da trasnada.*

c) **Reiterativas**: acción que se repite.

\***VOLVER (A) + INFINITIVO**. *Se volves (a) tusir, estragarás o concerto.*

\***TORNAR (A) + INFINITIVO**. *Foi recompensado por tornar (a) facer saídas difíciles.*

d) **Incoativas**: proceso no seu inicio.

\***BOTARSE A + INFINITIVO**. *Cando se botou a chover, fuximos a fume de carozo.*

\***POÑERSE/PÓRSE A + INFI**. *Púxose a cantar unha pandeirada no medio do paraninfo.*

\***ROMPER A + INFINITIVO**. *Ponlle un dente de allo cando rompa a ferver.*

\***DAR EN + INFINITIVO**. *Era marabilloso, ata que deu en pincharse.*

\***EMPEZAR A + INFINITIVO**. *Tápalle a boca, xa empeza a berrar.*

\***COMEZAR A + INFINITIVO**. *Xa comezo a aborrecerme con tanta perífrase.*

4) **Pasivas**:

\***SER + PARTICIPIO**. *Por fin, xa foron explicadas as máis importantes, que non todas.*

Para ver as perífrases ordenadas doutro xeito:

[http://www.xente.mundo-r.com/anvi/exercicios\\_de\\_lingua/soluciones/morfologia/verbo2/perifrases.htm](http://www.xente.mundo-r.com/anvi/exercicios_de_lingua/soluciones/morfologia/verbo2/perifrases.htm)

### Sinalar as perífrases verbais e indicar o seu valor:

1.Vou deixar o coche no aparcadoiro, que ante houbéronmo roubar; xa tiña a fechadura un pouco forzada. Cando acabe de pagar a casa, hei de mercar unha praza de garaxe porque quero durmir tranquilo e non ter que andar con preocupacións.

2.Este mes andan a recoller os pexegos. Segundo a televisión, está para mudar o tempo e hai que darse présa.

3.Debe vivir aquí un gaiteiro. Sempre está ensaiando e deberías chamarlle a atención para que non volva a tocar a esas horas da noite.

4.A miña curmá anda para ter un neno. Non ficaba embarazada desde que se puxo a traballar na ferretería, e agora volverá pedir a baixa.

5.Puido morrer no accidente e desde entón deu en beber como unha esponxa. Como non deixe de visitar tanto os bares vai acabar con cirrose.

6.Cando rompa a ferver a auga, bótalle as nabizas, que xa han estar medio cocidas noutra pota; báixaslle o lume e, cando remate de ferver, tornas a botarlle máis auga.

7. Boteime a correr detrás del, xa o estaba collendo cando escorreguei e houben caer.

8. Breixo segue sendo un lacazán; leva facendo que traballa moito tempo, porque di que non dá atopado un oficio á súa medida.

9.Ti vai andando diante, que eu xa che levo camiñado moito e estou desfeito.

10. Andas dicindo por aí moitas falsidades. Estás a xogar con pólvora e vaste queimar.

11.En negocios peores me vin eu metido e sempre saín ben librado. Teño feito algún cambio con el e sempre fiquei satisfeito.

12.Andá levado do demo porque ten que facer a declaración da renda e este ano vai pagar o dobre do pasado.

13.Han ser uns vinte. A Uxía tamén quería vir mais non pode porque aínda non acabou de arranxar a horta.

14.Xa vai dito case todo o que tiña preparado. Así que non me vou pór a comezar novos capítulos.

15.Principiou a chover e non deixou de caer auga ata á noite. Debían ser as sete e aínda estaba a decembrar.

16.Houbo aprobar o exame de conducir, só lle faltaron catro preguntas: agora terá que volver a pagar a matrícula.

17.Chegaron cantando e moi ledos, logo deron en bailar e seguiron cantando ata á alba.

18.Eu podo conseguir o que queira do Marcial, levo abusando del moito tempo e penso seguir igual.

19. Deches entendido ese texto? En non, e iso que o levo estudado abondo.

20.Xa lle teño dito moitas veces que hai que andar con ollo, que hai tempo que deixou de estar nos biosbardos.

21.Deben ser as sete e xa han estar no estadio.

22.Coido que es o mellor aínda que sexas castigado a diario.

23.O camiño foi percorrido en menos de tres horas.

## XVI.-CUANTIFICADORES E IDENTIFICADORES

### 1.- Cuantificadores.

*Algún (algunha, algúns, algunhas), alguén, algo, ningún (ningunha, ningún, ningunhas), ningún, nada, un (unha, uns, unhas) varios/as, pouco (...), bastante/s, abondo (...),*

*moito (...), ben, demasiado (...), máis, menos, tanto (...), todo (...), cada, ambos/as, entrambos/as.*

## 2.- Identificadores.

*Outro (...), calquera, quenquera, tal/es, mesmo (...), propio (...), certo (...)* determinado (...).

*Algún e outro* contraen coas preposicións *de, en*. *Algo e alguén* non contraen.

## XVII.- RELATIVO, INTERROGATIVO E EXCLAMATIVO

*que, quen* (invariables)

*cal, cales*

*canto, a, os, as*

*cuxo, a, os, as*

*Ser quen a/de*: ser capaz de.

## XVIII.- NUMERAL

### 1.- Cardinais.

*Cero, un/unha, dous/dúas, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove, dez, once, doce, trece, catorce, quince, dezaseis, dezasete, dezaioito, dezanove, vinte, vinte e un/vinte e unha, vinte e dous/vinte e dúas, trinta, trinta e un, trinta e unha, corenta, cincuenta, sesenta, setenta, oitenta, noventa, cen, cento un, cento unha, douscentos/duascentas, trescentos/as, catrocentos/as, cincocentos/as ou quiñentos/as, seiscentos/as, setecentos/as, oitocentos/as, novecentos/as, mil.*

*Cento, millón, billón, trillón, ducia, decena, centena*, funcionan como substantivos.

### 2.- Ordinais.

*Primeiro, segundo, terceiro, cuarto, quinto, sexto, sétimo, oitavo, noveno, décimo, undécimo ou décimo primeiro, duodécimo ou décimo segundo, décimo terceiro, vixésimo, trixésimo, cuadraxésimo, quincuaxésimo, sesaxésimo, septuaxésimo, octoxésimo, nonaxésimo, centésimo, milésimo, millonésimo.*

### 3.- Multiplicativos.

*Dobre (duplo/a), triplo/a, cuádruplo/a (cuádruplo/a), quintuplo/a, séxtuplo/a.*

### 4.- Partitivos.

*Medio/a, terzo/a, cuarto/a, quinto/a, sexto/a, sétimo/a, oitavo/a, noveno/a, décimo/a, onceavo/a, doceavo/a, centésimo/a, milésimo/a, millonésimo/a.*

*Metade* é un substantivo.

## XIX.- ADVERBIO

É un vocábulo invariable que modifica o verbo (chegou *tarde*), o adxectivo (está *ben* cocido), un adverbio (*viña moi lonxe*) ou unha oración.

### 1.- Adverbios situacionais de lugar. onde? **ulo,a,os,as?**

**aquí aí alí** :repouso, estado

**acó .. aló** :movemento

**acá .. alá** :repouso e movemento

**acolá**: usado moito como 2º termo dunha oposición

**dentro / fóra arredor // cerca-preto / lonxe**

**arriba-enriba-derriba-encima / abaixo-embraixo-debaixo**

**adiante-diante-/ atrás-detrás en fronte //velaí, velaquí**

**algures ningures xalundes**

Algunhas locucións adverbiais: **a carón, ao pé, á beira, a rente(s), á dereita, á esquerda, a desmán, a contramán..**

### 2.- Adverbios situacionais de tempo. **Cando?**

**antano, hogano sempre, decote asemade**

**antonte/trasantonte (antes de antonte), onte, hoxe, mañá, pasadomañá**

**antes, noutrora, agora-arestora, despois, outrora**

**aínda, xa mentres nunca, xamais (endexamais) xacando**

antes, entón, logo, daquela, axiña cedo/tarde  
arreo, pronto, seguido, sempre

Algunhas locucións adverbiais: de contado, de camiño, a deshora, ás veces, aos poucos, a cotío, a miúdo, á tardiña, de cando en vez, hoxe en día.

### 3.- Adverbios nocionais de modo. Como?

-Adxectivos: **alto, baixo, doado, só...**

-Adxectivos co sufixo *-mente*: **comodamente, facilmente, soamente.**

-**así, ben, mellor, como, gratis, mal, peor, engorde, paseniño, case, adrede...**

Algunhas locucións adverbiais: á/de presa, de vagar, a modo, a escape, ás carreiras, a cito, a feito, ao chou, ás toas, a treu, de balde, de socato, a mantenta, a tergo, ...

### 4.- Adverbios nocionais de cantidade e precisión. Canto?

**abondo, algo, bastante, ben, canto, case, dabondo, demasiado, máis, menos, moito/moi, nada, pouco, só, tanto, xusto.**

Algunhas locucións: a mares, ás mancheas, a encher, a esgalla...

### 5.- Negación-afirmación-dúbida.

Compórtanse sintacticamente de xeito diferente ao adverbio. Son as tres formas de presentar unha oración canto ao xuízo nela emitido: *negativo* (termo marcado), *positivo* ou *incerto*.

#### 5.1.- Negación

5.1.1. **Total:** colócase **non** entre suxeito e verbo: *ti non vas*

**-non si? = non? non é? tampouco ca!** (categórico)

-Expletivo (non nega): *mira, se non é parvo..*

-**nin.. nin..:** coordinación negativa

5.1.2.- **Parcial:** un suxeito ou complemento negativo, non toda a oración.

**nada, ninguén, ningún, nunca, xamais.**

5.2.- Afirmación. Se non hai marca negativa, calquera enunciado é de por si afirmativo (termo non marcado).

Nas respostas ha de repetirse o verbo: *chegaches cedo? - Cheguei.*

Reforzos da afirmación: **si, si que, abofé, de seguro, claro, así é, así mesmo, con certeza, de certo, tamén, efectivamente, certamente, xaora....**

5.3.- Dúbida. Vale para a afirmación e para a negación.

**acaso, quizá-quizais-quizabes, ao mellor, talvez, se cadra, se callar, seica, disque, igual**

## XX.-PREPOSICIÓN

É a clase de palabras invariables que serve para relacionar dous elementos da oración, sinalando a dependencia que hai entre eles. O sintagma que encabezan é a *frase preposicional*.

Clasificación formal:

1.- **Propias.**- Sempre funcionan como preposición: *a, ante...*

2.- **Impropias.**- Formalmente pertencen a outra categoría gramatical, mais poden funcionar como preposicións: *fóra, segundo, onde...*

3.- **Locucións prepositivas.**- conxunto de palabras que funcionan como unha preposición (a última sempre é unha preposición): *en vez de...*

**a, ante/perante, ata/deica, baixo/so, cara, con contra, de, desde/dende/des, en, entre, para, por, sen, sobre, tras**

Outras: **agás/bardante/menos/salvo, canda, cas, malia, segundo**

a carón de, ao pé de, a rente(s) de, a poder de, de par de, co gallo de, a/en prol de, por mor de, verbo de, alén de, encol de, en troques de, cabo de, en fronte de, no canto de ...

## XXI.- CONXUNCIÓN

### 1.- Copulativas.

**e, mais, nin,** a mais, e mais

<p style="text-align: center;"><b>2.- Distributivas e disxuntivas.</b></p> <p><b>ou, ben...</b>ben, cal...cal, nin...nin, ora...ora, quer...quer, xa...xa.</p>
<p style="text-align: center;"><b>3.- Adversativas.</b></p> <p><b>mais, pero,</b> senón, agás que, non obstante, porén...</p>
<p style="text-align: center;"><b>4.- Concesivas.</b></p> <p><b>aínda que, a pesar de que,</b> así, mesmo que, nin que, pese a que, por máis que, por moito que.</p>
<p style="text-align: center;"><b>5.- Condicionais.</b></p> <p><b>se,</b> con que, con tal que, caso de que...</p>
<p style="text-align: center;"><b>6.- Causais.</b></p> <p><b>porque, que, dado que,</b> pois, pois que, por causa de que, por mor de que, <b>posto que, xa que...</b></p>
<p style="text-align: center;"><b>7.- Consecutivas.</b></p> <p><b>conque,</b> daquela, de aí que, de forma que, <b>de maneira que, de xeito que,</b> entón, logo, polo tanto, xa que logo...</p>
<p style="text-align: center;"><b>8.- Finais.</b></p> <p><b>a fin de que, para que,</b> que, en favor de que...</p>
<p style="text-align: center;"><b>9.- Locativas (lugar).</b></p> <p><b>onde,</b> onde queira que.</p>
<p style="text-align: center;"><b>10.- Temporais.</b></p> <p><b>cando, antes de que,</b> asemade, ata que, axiña que, cada vez que, desde que, <b>despois de que,</b> inda ben que, logo que, mal, <b>mentres,</b> mentres tanto, namentres, non ben, sempre que...</p>
<p style="text-align: center;"><b>11.- Modais.</b></p> <p><b>como,</b> como se, como queira que, conforme, consonte, segundo, sen que, tal e como...</p>
<p style="text-align: center;"><b>12.- Comparativas.</b></p> <p><b>ca, que, coma, como.</b></p>
<p style="text-align: center;"><b>13.- Completivas (substantivas).</b></p> <p><b>que,</b> se.</p>

## XXII.- ANÁLISE SINTÁCTICA

\*\*\*\*A **frase** (sintagma): núcleo e adxacentes (determinante, modificador)

-**fn frase nominal**: núcleo un substantivo ou pronomes

-**fv frase verbal**: núcleo un verbo



-**fadx frase adxectiva**: núcleo un adxectivo

-**fadv frase adverbial**: núcleo un adverbio

-**fprep frase preposicional**: o 1º elemento é o relator –enlace- (preposición) seguido do termo (outra frase)

\*\*\* **Consellos para analizar os elementos dunha cláusula/proposición/oración**: suxeito, núcleo do predicado, complemento directo, suplemento, complemento indirecto, complemento circunstancial, complemento predicativo, axente da pasiva, pronome de solidariedade, pronome de interese.

1.- Procuramos o **suxeito**, (quen? realiza a acción verbal) que ha de **concordar co verbo**. En moitos casos estará oculto (elidido) e hai verbos impersoais. *O sol sae por alí. Chove moito*

2.- Procuramos o **verbo (núcleo do predicado)**

2.1.- Se é un **verbo copulativo** (ser, estar, parecer, semellar), procuramos o **atributo**: *Helena está cansa*

2.2.- O **verbo é predicativo** (resto dos verbos)

2.2.1.- Se o verbo é **transitivo** ha de levar **complemento directo** (que?). Se temos dúbidas de cal é o complemento directo podemos volver a frase a pasiva e o complemento directo resultará suxeito. Exemplo: *onte vinte na rúa = onte ti fuches visto por min na rúa*. En moitos casos o complemento directo é un pronome persoal.

2.2.2.- Se observamos que o verbo pide (nese significado) un sintagma preposicional teremos un **suplemento**: *o can bebía no leite*

2.2.3.- Procuramos o **complemento indirecto** (a quen? para quen?) nos verbos intransitivos (non é obrigatorio) e tamén o podemos atopar nos transitivos acompañando o complemento directo. En moitas oracións atoparemos un complemento indirecto **duplicado**, un pronome átono e outro sintagma: *deilles o mando aos meus pais*.

2.2.4.- O verbo é predicativo mais encontramos un adxectivo ou similar nunha función semellante ao atributo dos verbos copulativos..., estamos diante dun **complemento predicativo** (que podemos confundir cun complemento circunstancial de modo): *María quedou parada alí*.

2.3.- Procuramos o **complemento circunstancial** (cando? onde? como? canto?; adverbios, sintagmas preposicionais...): **tempo, lugar, modo, cantidade...**

2.4.- Se nos quedan pronomes persoais átonos que non son complemento directo nin indirecto, poderán ser de **solidariedade** ou **interese** (proprios da lingua falada). *O pícaro non che me come nada estes días*

2.5.- Se a oración está en **pasiva** (ser+participio), podemos encontrar o **axente de pasiva** (encabezado pola preposición por): *Antón foi educado polos avós*

### XXIII.- ANÁLISE DAS CLÁUSULAS/ORACIÓNS/PROPOSICIÓNS

0.- **Modalidades**: aseverativas, interrogativas, imperativas, desiderativas, exclamativas.

1.- **Xustapostas**: non hai nexa (pausa, coma)

## 2.- Coordinadas

- **copulativas** (e, mais, nin)
- **adversativas** (mais, pero, porén...)
- **disxuntivas** (ou, ben...)
- **distributivas** (ben... ben, xa... xa, ...)
- **explicativas** (é dicir, ou sexa...)

## 3.- Subordinadas

- **substantivas** (función de CD, CI, SUX, SUP, PRED, AT) (que, se)
- **adxectivas** (nexo relativo: que, cal...)
- **adverbiais:**

### 1.- Función de CC:

- **tempo** (cando, antes de que, asemade, despois de que, mentres...)
- **lugar** (onde)
- **modo** (como, segundo, consonte...)
- **cantidade** (canto)

### 2.- Función non CC:

- **comparativa** (ca, que, coma, como)
- **causal** (porque, dado que, posto que, xa que ...)
- **condicional** (se, con tal que ...)
- **consecutiva** (conque, de maneira que, de xeito que... )
- **concesiva** (aínda que, a pesar de que ...)
- **final** (para que, a fin de que ...)

## XXIV.-LÉXICO-SEMÁNTICA: A formación de palabras.

1.- **Derivación:** (*morfema*)+*lexema*+(*morfema*). É o procedemento máis común para formar palabras sobre unha primitiva.

1.1.- **Derivación prefixal.** A maioría dos prefixos son de orixe grega e latina:

❖ Prefixos **gregos:** *a/an-*, *arqui-*, *ex-*, *hiper-*, *peri-*...

❖ Prefixos **latinos**: *bis-, re-, extra-, vice- ..*

Moitos radicais grecolatinos funcionan como prefixos na lingua: *electro-, aero-, euro-, foto-, macro-neo-, tele-, radio-, video-...*

1.1.1.- Prefixos **apreciativos** (valor intensificador):

*arqui-, extra- hiper-, pre-, re-, sobre- super-...*

1.1.2.- Prefixos **nocionais** (modifican o contido do lexema):

negación: *a-, anti-, contra-, des/dis-, in-...*

lugar: *entre-/intra-, meta-, retro-, sobre/super-, sub, tras/trans, ultra...*

tempo: *ante-, pos-, pre-...*

cantidade ou tamaño: *bis/bi-, multi-, pluri-, semi-, uni-...*

1.2.- **Derivación sufixal**. O sufixo é un morfema ligado que serve para formar novas palabras.

1.2.1.- Sufixos **alterativos ou apreciativos**(achegan matices de tamaño ou afectividade):

❖ **diminutivos**: *-iño* (valores afectivos, etc.), *-acho, -echo, etc..*

❖ **aumentativos**: *-ón, -án, -azo, -ata, -udo...*

❖ **despectivos ou pexorativos**: *-exo, -astro, -orra, -uza, -ete...*

❖ **intensificadores**: *ísimo, érrimo*.

1.2.2.- Sufixos **nocionais**(forman novas palabras con significado diferente)

*eiro*: home/muller que exerce as funcións de..., colectivo ou conxunto de, lugar onde hai, profesión, plantas ou árbores, recipiente, etc.

a) Sufixos formadores de **substantivos**:

❖ desubstantivais: *-ado/a, -axe, -eiro, -ismo, -ista...*

❖ deadxectivais: *-dade, -eza, -ismo, -ume...*

❖ deverbais: *-ción, -deiro/a, -dela, -dor, -mento...*

Polo significado: colectivo (*-al*), locativo (*-al, -eiro*), acción (*-ación, -axe*), ocupación (*-eiro, -ismo*), doutrina (*-ismo*), etc...

b) Sufixos formadores de **adxectivos**:

❖ desubstantivais: *-al -és, -oso...*

❖ deverbais: *-ble, -nte, -ón/ona...*

Polo significado: caracterizador (*-ble, -az, -ado*), relativo ou pertencente a (*-al- ar, -exo*), xentilicio (*-és, -eiro, -an/ano/ao*)

c) Sufixos formadores de **verbos** (a maioría dos verbos fórmanse sobre a primeira conxugación):

❖ desubstantivais: *-ar, -ear, -izar...*

❖ deadxectivais: *-ar, -ear, -ecer, -ificar...*

❖ deverbais: *-iñar, iscar..*

d) Sufixos formadores de **adverbios**: *-mente*

A derivación pode tamén ser prefixal e sufixal (parasíntese).

2.- **A composición**: (*lexema+lexema*)

2.1.- **Imperfecta ou xustaposta**: os dous elementos conservan o seu valor e corpo fonético.

2.2.- **Perfecta ou aglutinada**: pérdese a noción de composición.

*quebranoces, lavalouza, salvavidas, gardalamas, bulebule, sapoconcho, beiramar, beirarrúa, lobishome, lobicán, augaforte, augardente, augamariña, camposanto, xordomudo, agridoce, clarividente*

3.- **A parasíntese**: (**morfema**)+**lexema**+**lexema**+(**morfema**).

4.- Os **acrónimos**: palabras formadas con siglas ou iniciais.

NB.- **Familia léxica (campo léxico)**: conxunto de palabras derivadas, compostas e parasintéticas formadas a partir da mesma palabra primitiva. Este concepto está relacionado coa forma e non co significado.

## XXV.- A SEMÁNTICA

Estuda o significado das palabras. Os **semas** son os trazos significativos das palabras.

O conxunto de palabras que teñen un ou máis semas comúns e algún oposto ou diferenciador forman un **campo semántico**.

**Asentos:** cadeira, banco, banqueta, sofá, escano, tallo. **Semas:** obxecto para se sentar as persoas, con respaldo, para unha persoa, con brazos, con patas, baixo...

A organización dos campos semánticos non ten por que ser permanente no tempo e universal en todas as linguas.

A **denotación** móstranos os semas que configuran a palabra sen ter en conta o contexto, é o significado obxectivo. Pola contra, a **connotación** ten en conta o contexto e fai referencia aos elementos subxectivos.

Non sempre se corresponde un significante cun significado, hai diferentes relacións entre as unidades semánticas que favorecen a comunicación:

1.- **A sinonimia:** un significado ten varios significantes.

Os sinónimos perfectos son moi escasos, sempre hai matices de uso, afectivos, etc.

2.- **A antonimia:** oposición de significados.

2.1.- **Complementarios ou privativos:** exclúense un ao outro, non admiten graduación, comparación.

2.2.- **Antónimos graduais:** non se exclúen totalmente, hai graos intermedios.

2.3.- **Inversos ou recíprocos:** son dous aspectos dunha mesma relación ou concepto, a presenza dun supón a existencia do outro.

Pola súa formación poden ser **léxicos** (palabras diferentes) ou **gramaticais** (mediante prefixos).

3.- **A polisemia:** un significante ten varios significados.

É beneficiosa para a lingua xa que reduce o número de palabras para memorizar.

As principais causas de polisemia son:

- A linguaxe figurada: *ollo, cabeza.*

- A especialización nun medio social: *fondo, operación.*

- Os cambios de aplicación: *niño.*

4.- **A homonimia:** **sincronicamente** é un significante con varios significados, mais **diacronicamente** son tamén diferentes significantes.

4.1.- Homonimia **absoluta:** *río, cal*

4.2.- Homonimia **parcial:**

**Homófonos** (non homógrafos): pronúncianse igual pero escríbense de xeito diferente.

**Homógrafos** (non homófonos): escríbense igual pero pronúncianse de xeito diferente.

A homonimia pode ser provocada pola evolución fonética converxente ou polos préstamos doutras linguas.

5.- **As relacións de inclusión ou xerarquía:**

5.1.- **Hiponimia:** é a relación de significado entre un termo máis específico (subordinado) e outro máis xeral: *can-animal, caravel-flor, león-mamífero* (hipónimo-hiperónimo)

5.2.- **Hiperonimia:** é a relación de significado entre un termo máis xeral e outro máis específico.

5.3.- **Cohiponimia:** é a relación entre hipónimos dun mesmo hiperónimo.

6.- **Os cambios semánticos:** mudanzas de significado. As causas son variadas:

*Lingüísticas:* contaxio, elipse. *Históricas:* pluma. *Socio-culturais:* vándalo.

*Psicolóxicas:* sobre

## XXVI-FONOLOXÍA

A <b>fonética</b> é a ciencia que estuda os <u>sons</u> .
A <b>fonoloxía</b> é a ciencia que estuda os <u>fonemas</u> .
O <b>fonema</b> é o elemento mínimo distintivo.

**Fonema vocálico** : pode formar sílaba só e o aire sae pola boca sen ningún obstáculo.

**Fonema consonántico** : non pode formar sílaba só e o aire atopa obstáculos ao saír.

### A sílaba

A **sílaba** é cada un dos golpes de voz con que se articula a palabra

O **núcleo** é sempre unha vogal, é obrigatorio

A **marxe** non é obligatoria.

Marxe explosiva : anterior ao núcleo. Marxe implosiva : posterior ao núcleo.

Sílabas **libres** son aquelas que acaban en núcleo e **trabadas** as que acaban en marxe silábica.

Atendendo ao acento, as sílabas poden ser **tónicas** ou **átonas**.

## 1.- Sistema vocálico do galego

1.1.- **En posición tónica**: sistema de sete fonemas.

Modo de art. ↓ Lugar de art. →		ANTERIOR palatal	CENTRAL media	POSTERIOR velar
PECHADA		/i/		/u/
MEDIA	pechada	/e/		/o/
	aberta	/ɛ/		/ɔ/
ABERTA			/a/	

/a/: central, aberta.

/ɔ/: posterior, media aberta.

/o/: posterior, media pechada.

/u/: posterior, pechada.

/i/. anterior, pechada.

/e/: anterior, media pechada.

/ɛ/: anterior, media aberta.

Cando se quere marcar ortograficamente o timbre da tónica, acentúase sempre a aberta :  
*Fóra-fora, óso-oso, bóla-bola, pódo-podo, córvo-corvo, póla pola, vés-ves, pé-pe, pélo-pelo, néto-neto, présa-presa*

Algunhas indicacións para sabermos se a tónica media é aberta ou pechada:

a) As palabras rematadas en **vogal tónica acostuman** ser **abertas**: avó, bebé ...

b) As tónicas rematadas en **-el, -ol** acostuman ser **abertas**: papel, español (mais: el, aquel)

c) **Boa parte** da secuencia **on** é **pechada** (lambón, monte) e **en aberta** (ninguén, ben)

d) A vogal temática dos verbos da 2ª conxugación é **pechada**: lamber, lambedes

e) Nos verbos con alternancia vocálica no radical, a vogal é **aberta** na 2ª, 3ª e 6ª persoas do presente de indicativo: *segues, dorme, foxen*

Verbos en **-er** que teñen **-e-** ou **-o-** como últimas vogais do radical. Na 2ª, 3ª e 6ª do presente de indicativo presentan a vogal **aberta**: *bebes, bebe, beben, comes, come, comen*

f) As vogais equivalentes aos ditongos **ie, ue** en castelán acostuman ser **abertas**: *pé, ovo*.

1.2.- **En posición átona** (non final): non hai oposición de medias **abertas-pechadas**

Sistema de **cinco** vogais :

/i/: anterior, pechada /E/: anterior, media /a/: central, aberta

/O/: posterior, media /u/: posterior, pechada

pero : *botar/votar, poliña/poliña*

1.3.- **En posición final** (átona): sistema de **tres** vogais : /E/ /a/ /O/

O **ditongo** é combinación de dúas vogais. Unha delas é **forte** (núcleo silábico) e a outra **feble** (marxe silábica)

Os ditongos poden ser **crecentes** ou **decrecentes** :

- crecentes : marxe+núcleo, a 2ª é forte. *Piano, fiesta, miolo, cuarto, tenue, triduo*

- decrecentes : núcleo+marxe, a 2ª é feble. *Caixa, niveis, queixo, Roi, coita, causa, eu, veu, pouco, pediu*

Os **tritongos** son combinacións de tres vogais (feble+forte+feble). Son escasos : *denunciou, policiais, vieiros*

## 2.- Sistema consonántico do galego.

Modo de art.↓ Lugar de art.→		BILABIAL	LABIODENTAL	DENTAL	INTERDENTAL	ALVEOLAR	PALATAL	VELAR
Oclusivas	sonoras	/b/		/d/				/g/
	xordas	/p/		/t/				/k/
Fricativa	xordas		/f/		/θ/	/s/	/ʃ/	
Africada	xorda						/tʃ/	
Nasal	sonoras	/m/				/n/	/ɲ/	/ŋ/
Lateral	sonoras					/l/	/ʎ/	
Vibrante (sonora)	golpeada					/ɹ/		
	vibrante					/r/		

/b/: oclusiva, bilabial, sonora. Grafemas *b, v*

/d/: oclusiva, dental, sonora.

/g/: oclusiva, velar, sonora. Grafemas: *g (+a,o,u), gu (+e,i)*. Gheada dialectal.

/p/: oclusiva, bilabial, xorda.

/t/: oclusiva, dental, xorda.

/k/: oclusiva, velar, xorda. Grafemas: *c (+a,o, o), qu (+e,i), k (ab. e estranxei.)*.

/f/: fricativa, labiodental, xorda.

/θ/: fricativa, interdental, xorda. Grafemas: *z (final, +a,o,u), c (+e,i)*. Seseo dialectal.

/s/: fricativa, alveolar, xorda.

/ʃ/: fricativa, palatal, xorda. Grafema *x*.

/tʃ/: africada, palatal, xorda. Grafema *ch*.

/m/: nasal, bilabial, sonora.

/n/: nasal, alveolar, sonora.

/ɲ/: nasal, palatal, sonora. Grafema *ñ*.

/ŋ/: nasal, velar, sonora. Grafema *nh*.

/l/: lateral, alveolar, sonora.

/ʎ/: lateral, palatal, sonora. Grafema *ll* (moi escasa nos falantes).

/ɹ/: golpeada, alveolar.

/r/: vibrante, alveolar. Grafema *r* (inicial, despois de *n,s,l*) ou *rr*.

Existen alófonos e neutralizacións.

### 3.- A entoación. É como a música, o ritmo da frase.

O **tonema** é a unidade melódica mínima (desde a sílaba tónica ata a pausa). Pode ser horizontal, ascendente ou descendente.

Os tonemas van formando grupos melódicos separados por pausas.

*Aprobaches o exame? Dáme a revista! Colleu o chaveiro, os cartos e o pano.*

O **campo de entoación** dunha lingua é a máxima distancia entre o ton dos tonemas ascendentes máis agudos e o dos descendentes máis graves (o do galego é máis amplo có do castelán e máis reducido có do portugués brasileiro).

### 4.- O acento

O acento é a maior intensidade articulatória que recae sobre unha sílaba.

Ten valor distintivo : *maza, temera*

(temas de sociolingüística en colaboración co profesor Benigno González, de Noia)

### I.1 O CONFLITO LINGÜÍSTICO. Definición causas e consecuencias.

A situación lingüística actual no mundo é o resultado dun longuíssimo proceso histórico que provocou que moitos centros de poder se fosen impondo en territorios alleos e as súas linguas oficiais se fosen superpoñendo ás autóctonas. Esta superposición acaba en moitos casos coa desaparición da lingua autóctona: o caso do latín en Gallaecia. Esta situación é definida como **SUBSTITUCIÓN LINGÜÍSTICA**.

Noutros casos as dúas linguas conviven dentro da mesma comunidade, aínda que con usos distintos: unha convértese en **DOMINANTE** (tamén chamada lingua A ou lingua de cultura) e ocupa os ámbitos socialmente relevantes (escrita, cultura...) e a outra convértese en lingua **DOMINADA** (tamén chamada lingua B, lingua minorizada ou idioma cuberto) e o seu uso fica progresivamente restrinxido a ámbitos orais, coloquiais, etc. Neste caso falamos de **CONVIVENCIA DIGLÓSICA** e prodúcese un **conflito** entre as dúas linguas

No caso da comunidade lingüística galega a convivencia diglósica véñse producindo desde o século XV: o castelán é a lingua dominante e o galego é a dominada. Algo semellante sucede nas demais comunidades españolas con dúas linguas.

**O CONFLITO LINGÜÍSTICO** non é máis que o reflexo das tensións sociolingüísticas que se producen entre as dúas linguas desde o momento en que a lingua dominada pretende recuperar os ámbitos dos que foi desposuída pola dominante.

A **resolución do conflito** é imprevisible. Será a lealdade lingüística dos falantes así como a implicación no proceso dos poderes públicos e das institucións culturais e económicas as que provocarán que se resolva: ou coa **SUBSTITUCIÓN LINGÜÍSTICA da Lingua B pola Lingua A**, ou coa plena **NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**, isto é, coa recuperación pola primeira dos ámbitos de uso que lle foron arrebatados pola segunda. Tamén hai quen supón que se pode dar un **bilíngüismo harmónico** entre as dúas linguas, unha convivencia pacífica.

### I.2. LINGUA MINORIZADA E LINGUA MINORITARIA. Definición. Semellanzas e diferenzas.

Se nunha comunidade hai dúas linguas en contacto, estas reproducen a xerarquía social existente dentro dela: unha das linguas -a dominante- vai ocupando progresivamente os ámbitos da outra -a dominada- e provocando a súa substitución. A esta lingua, dominada ou recesiva (que vai perdendo usos) chámase tamén **LINGUA MINORIZADA** e é empregada unicamente nos ámbitos socioculturais máis baixos e ignorada ou depreciada nos máis elevados, dos que foi desprazada pola lingua **DOMINANTE**

O concepto de lingua **minorizada** é sociolingüístico e nada ten que ver co de lingua **MINORITARIA** que é só cuantitativo (cantos a usan?) Pode suceder que unha lingua minorizada sexa a maioritariamente falada na comunidade lingüística (o caso do galego), ou pode que non.

A complexidade da composición social da poboación en moitas áreas así como os continuos movementos desta fan imposible un acordo sobre o número de linguas que se falan no mundo así como sobre o número de falantes de cada unha.

No caso europeo, sabemos que case todos os Estados actuais son plurilingües (agás Portugal e algún máis) e a coexistencia das diversas linguas dentro das comunidades pertencentes a eses Estados prodúcese no plano da diglosia (excepto en Suíza e Bélxica, pero só na teoría). Hai polo tanto gran cantidade de linguas minorizadas, pertencentes a comunidades que en moitos casos están divididas por fronteiras políticas, como o éuscaro ou o catalán, xa que non sempre os límites dunha comunidade lingüística ou dunha Nacionalidade Histórica coinciden cos dun Estado Moderno.

O status e o nivel de uso das diversas linguas minorizadas, case todas minoritarias tamén, son moi distintos:

O **Gaélico**, lingua oficial de Irlanda, sobrevive como lingua case “ritual”.

O **Bretón**, o **Occitano**, ou o **Corso** sofren historicamente, igual que o Catalán e o Éuscaro, os embates centralistas do Estado francés que, en certos momentos, chega mesmo a prohibir a súa fala.

Consideración parecida merece o **Romanche** na Suíza, e o **Sardo** – lingua da illa de Sardana - ou o Friulano no Estado italiano.

É dentro do actual Estado español onde as linguas minorizadas (**galego, catalán e éuscaro**) gozan de maior status e son usadas en ámbitos impensables para as anteriores.

### I.3. BILINGÜISMO E DIGLOSIA. Definición, causas e consecuencias.

Referíndonos ás comunidades con dúas linguas, considérase **BILINGÜISMO** a capacidade individual de facer uso dos dous idiomas.

A **DIGLOSIA** ten un significado social: É unha conduta caracterizada por unha lingua que se usa en determinados ámbitos e outra lingua que se utiliza noutros (lingua A-escrita, cultura, poder- e lingua B -familiar, coloquial-). A diglosia implica, pois, o bilingüismo, pero pode haber individuos bilingües sen comportamentos diglósicos.

As causas da existencia da diglosia son históricas e teñen que ver cos diversos poderes que se foron impondo neste tipo de comunidades lingüísticas nas que as súas linguas se foron tamén superpoñendo ás autóctonas. O prestixio da lingua imposta –dominante- permitiulle gozar non só dun status social superior: de ensino oficial, escrita, culta... senón que acabou tamén conseguindo que os falantes da lingua dominada acabasen sufrindo a “**AUTOXENREIRA**”: a crenza de que a súa lingua era inferior e, polo tanto, inútil para o éxito social. Desta maneira fíxose corrente a deserción lingüística de moitos destes falantes.

En moitos casos o prestixio da lingua dominante acabou influíndo no propio código da dominada ata conseguir que, ás veces, esta se teña convertido nunha mestura das dúas. Isto sucedeu en Galicia durante catro séculos: galego cheo de castelanismos. Só no século XX as condicións sociopolíticas permitiron a recuperación tanto do status como do “corpus” do galego.

Pero esta distribución de funcións propia das situacións diglósicas non é estable. O prestixio das linguas cambia precisamente polas funcións que cumpren e polo tipo de falantes que as utilizan, é dicir, mediante o cambio desas normas sociolingüísticas pode facerse normal o uso da lingua dominada en situacións nas que non o era (universidade, por exemplo).



O caso do **catalán** é representativo: O prestixio social dos falantes (a burguesía autóctona nunca o abandonou) así como unha axeitada política lingüística estalle permitindo unha recuperación espectacular porque desaparece a diglosia.

#### **I.4. A DIVERSIDADE PLURILINGÜE E PLURICULTURAL DE ESPAÑA. Identificación das linguas, territorio que ocupan e marco legal en que se desenvolven.** ( O galego é a lingua materna de 1'8 millóns de europeos (5% de España), o catalán de 2'95 (9%), o éuscaro de 365. 000 persoas (1%) e o castelán de 32 millóns (89%) –Comisión europea, enquisa dos idiomas, febreiro, 2006)

A Constitución Española, en vigor desde o ano 1978, reconece o **PLURILINGÜISMO** dentro do Estado, aínda que este non é igualitario. Recoñécese a lingua castelá como oficial de todo o territorio estatal. Todos os cidadáns teñen o deber de coñecela e o dereito de usala. Recoñécense tamén como linguas cooficiais nos seus respectivos territorios o galego, o catalán, o valenciano e o éuscaro; pero nestes casos non se cita o deber de coñecer estas linguas, só o dereito de usalas. Posteriormente, no comezo dos anos oitenta, cada unha destas Comunidades ou Nacionalidades Históricas aprobou o seu correspondente Estatuto de Autonomía e comezou a regulación do uso das linguas autóctonas.

O **ÉUSCARO** ou **vasco** (sobre 700.000 falantes) é lingua cooficial nas tres provincias que configuran a Comunidade Autónoma de Euskadi, onde ten unha recuperación espectacular nas últimas décadas, aínda que tamén se utiliza en amplas zonas de Navarra e en tres departamentos que hoxe forman parte do Estado francés. No ensino pódense escoller tres modalidades: en éuscaro (con castelán) -bilingüe- en castelán (con éuscaro). Era a menos utilizada pero estase a recuperar grazas ao ensino e á política lingüística do goberno vasco.

O **CATALÁN** (sobre 7.000.000 de falantes, co valenciano) é lingua cooficial nas catro provincias que forman a Comunidade Autónoma catalá así como na Comunidade Balear. É tamén cooficial no Principado de Andorra. A súa valoración social foi sempre alta e ten un bo prestixio entre as clases altas. É a que goza dun mellor estatus tanto legal como de uso. O sistema educativo, con todas as materias en catalán (agás lingua castelá) consegue que os fillos dos inmigrantes na área urbana de Barcelona aprendan a lingua propia.

O **VALENCIANO** –Unha variante do catalán, aínda que para algúns é unha lingua diferente- é cooficial nas tres provincias da Comunidade valenciana.

O **GALEGO** (sobre 2.200.000 falantes) é recoñecido como lingua propia de Galicia polo Estatuto de Autonomía do ano 1981. Posteriormente, no ano 1983, o Parlamento galego, a proposta da Xunta, aproba a Lei de Normalización Lingüística, na que se declara que o galego será a lingua de todos os Organismos autonómicos, que deberán comprometerse en acadar a súa Normalización.

Non só se fala galego en Galicia senón tamén en dezaoito concellos, pertencentes a Asturias, León e Zamora. Actualmente estanse a desenvolver programas para que nalgúns deses concellos se poida impartir o galego como materia optativa en certos niveis do ensino. Tres concello de Cáceres conservan unha variedade de galego procedente da lingua medieval.

O **Aranés** (Val de Arán, 6.000 falantes). Está recoñecido polo Estatut catalán.

O **astur-leonés** (recoñecido polo Estatuto asturiano, mais non é cooficial). O **aragonés**. O mesmo caso.

## I.5 O GALEGO ENTRE 1900 E 1936

Aínda que a política do poder seguiu a ser completamente oposta á recuperación das linguas distintas ao castelán, ausentes do ensino e de todo uso oficial, nesta época vanse producir uns logros moi importantes na loita pola recuperación do galego e contra a asimilación á que parecía condenado.

No 1906 fundouse a **REAL ACADEMIA GALEGA**, aínda que este feito ficou desgraciadamente no plano simbólico. O seu labor normativizador foi case nulo.

Un dos logros desta etapa foi o grao de cultivo da lingua tanto na literatura como no ensaio e na prensa, pero, sobre todo, como lingua oral formal, en conferencias, actos públicos e reunións.

No plano literario, a lingua ampliou os seus ámbitos de uso: desenvolveuse principalmente a prosa narrativa e a poesía, pero foron tamén importantes os ensaios científicos e divulgativos, as traducións de textos estranxeiros (Revista *Nós*).

As organizacións políticas e culturais galegas que nacen nesta época: **IRMANDADES DA FALA, PARTIDO GALEGUISTA, SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS** son monolingües en galego. A lingua é para os seus membros o principal signo de identidade. “*se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma*” (Castelao)

Foron estas organizacións, declaradamente nacionalistas, as que iniciaron a loita pola oficialidade do idioma galego e pola súa introdución nos ámbitos escolar, administrativo e xudicial.

No ano 1936, durante a República, conseguiu gañarse o plebiscito para a aprobación do primeiro **ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA**, no que se recoñecía a cooficialidade de galego e castelán, pero non tivo efecto, xa que a legalidade republicana foi abolida polos militares que gañaron a Guerra Civil iniciada ese mesmo ano.

Comeza entón a longa noite de pedra (Celso Emilio Ferreiro) da nosa lingua e cultura.

## I.6. O GALEGO ENTRE 1936 E 1975

Despois do triunfo das tropas franquistas **NA GUERRA CIVIL (1936-39)**, a ditadura militar instaurada polos vencedores, que tiñan unha ideoloxía baseada nun nacionalismo español exacerbado, practica contra os intelectuais galeguistas unha represión feroz e a lingua galega perde toda posibilidade de acceder ás instancias oficiais e ao uso público. O uso do galego é só familiar e coloquial, sentido como lingua da aldea e os propios falantes senten vergoña da súa lingua. Neste proceso a ditadura conta con medios moi poderosos: a escola e a Igrexa. A cultura galega só sobrevive no exilio americano.

Aínda así, despois do triunfo aliado na 2ª Guerra Mundial, aparecen os primeiros indicios de recuperación para o galego. Os escasos continuadores do movemento galeguista, conscientes de que calquera actuación de fomento e cultivo da lingua era sentida como contraria á unidade nacional española, centraron a súa actividade no plano cultural. Nesta recuperación tiveron un papel importante a **EDITORIAL GALAXIA** (creada no 1950) e a revista *Grial*.

Nestes anos prodúcese un enorme éxodo de poboación agraria cara as cidades, xa castelanizadas, e isto, unido á opresión política, provoca a deserción lingüística de moitos falantes, sobre todo das novas xeracións. O castelán vai ser a lingua urbana.

Nas décadas dos sesenta e setenta incrementouse a actividade política clandestina coa creación de partidos políticos nacionalistas –UPG e PSG - . Creáronse tamén por toda Galicia asociacións culturais orientadas ao cultivo e á difusión da lingua e da cultura galegas.

Como froito destes movementos, na década dos setenta prodúcese un fenómeno novo para o galego: moitos rapaces e rapazas que tiñan o castelán como lingua primeira aprenderon o galego e comezaron a defendelo e promovelos. Por primeira vez o galego entrou na **prensa e na radio**, e tamén na **universidade** extraoficialmente.

### 1.7. O GALEGO DO 1975 Á ACTUALIDADE. Marco legal.

No ano 1975 morre Franco e tres anos máis tarde as Cortes democráticas aproban a **CONSTITUCIÓN** actualmente en vigor. Establécese nela a cooficialidade de galego e castelán en Galicia. O recoñecemento oficial prodúcese no ano 1981, no **ESTATUTO DE AUTONOMÍA**, que establece que “a **lingua propia** de Galicia é o galego” e que “ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua”. No ano 1983 entrou en vigor a **LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**, que regula o seu uso nas diversas administracións e servizos.

O galego pasa a ser lingua oficial da administración autonómica: da Xunta de Galicia e todas as súas Delegacións e do Parlamento. Con lixeiras excepcións a lexislación cúmprese. O seu ensino é obrigatorio nos niveis de ensino Primario e Medio, onde se establece tamén que polo menos dúas materias máis deberán ser impartidas nesta lingua. No ensino universitario xa non rexen estas normas. En setembro de 2004 o Parlamento galego aprobou por unanimidade o **Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega**: 445 medidas destinadas a potenciar o galego. En setembro de 2005 o Consello de Europa recomenda que en Galicia o ensino sexa “principalmente en galego”. En Febreiro de 2007 PP, PSOE e BNG acordaron por unanimidade que en Primaria e ESO o 50% das materias sexan en galego xa no curso 2007-2008. Este curso comeza a aplicarse o decreto aínda que con certa polémica.

Moi distinta é a situación noutras administración e Institucións : está case ausente no ámbito da administración do Estado e da xudicial. A Igrexa Católica permite o seu emprego nas misas, pero a súa xerarquía, case toda foránea, prescinde practicamente dela.

Cualitativamente hai que recoñecer que o galego está hoxe presente en ámbitos anteriormente impensables: é a lingua case exclusiva nas actividades políticas, institucionais, universitarias e culturais. Mesmo parece que o seu uso comercial é economicamente rendible e prestixia certos produtos. Cada vez un maior número de profesionais liberais utiliza normalmente esta lingua.

Tocante ao plano cuantitativo, a realidade é, porén, cada vez máis negativa: a **perda do número de falantes** segue acelerándose. Se ben se recoñece que o seu uso é, en xeral, maioritario, todas as enquisas indican que este uso decrece segundo é menor a idade dos entrevistados. Ata hai pouco tempo era a lingua exclusiva no ámbito rural, pero xa non o é. Nas pequenas e grandes vilas, así como nas cidades, cada vez é máis minoritaria.

Segundo o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, (outubro 2007) só un 20,6% dos nenos teñen como idioma inicial o do país. En 1992, o mesmo seminario cifraba estes datos nun 60,3%. Nas cidades é especialmente grave o que está a ocorrer.

#### A Coruña

	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
15-24 anos	6,3 %	8,6 %	46,3 %	37,7 %
25-34 anos	6,8 %	10,2 %	40,2 %	40,2 %
35-44 anos	12,4 %	10,1 %	32,1 %	44,5 %
45-54 anos	14,5 %	16,5 %	27,5 %	40,5 %
Totais	9,9 %	11,3 %	36,4 %	40,8 %

#### Ferrol

	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
15-24 anos	1,6 %	3,2 %	22,2 %	71,4 %
25-34 anos	5,1 %	5,1 %	15,4 %	71,8 %
35-44 anos	10,0 %	7,1 %	14,3 %	68,6 %
45-54 anos	16,9 %	9,2 %	10,8 %	61,5 %
Totais	8,3 %	6,2 %	15,6 %	68,5 %

#### Lugo

	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
15-24 anos	17,9 %	14,9 %	28,4 %	38,8 %
25-34 anos	16,5 %	18,8 %	27,1 %	34,1 %
35-44 anos	24,4 %	14,4 %	24,4 %	34,4 %
45-54 anos	33,8 %	20,3 %	17,6 %	27,0 %
Totais	23,1 %	17,1 %	24,4 %	33,5 %

#### Ourense

	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
15-24 anos	9,1 %	13,6 %	33,0 %	42,0 %
25-34 anos	7,8 %	11,8 %	41,2 %	38,2 %
35-44 anos	16,2 %	18,1 %	29,5 %	34,3 %
45-54 anos	23,9 %	25,0 %	19,3 %	26,1 %
Totais	14,1 %	17,0 %	31,1 %	35,2 %

#### Pontevedra

	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
15-24 anos	9,4 %	6,3 %	32,8 %	48,4 %
25-34 anos	8,5 %	8,5 %	34,1 %	46,3 %
35-44 anos	13,5 %	8,1 %	27,0 %	47,3 %
45-54 anos	24,2 %	19,4 %	16,1 %	38,7 %
Totais	13,5 %	10,3 %	28,0 %	45,4 %

#### Santiago

	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
15-24 anos	18,4 %	17,1 %	26,3 %	34,2 %
25-34 anos	15,6 %	11,5 %	26,0 %	43,8 %
35-44 anos	19,1 %	20,2 %	22,5 %	36,0 %
45-54 anos	24,1 %	15,2 %	26,6 %	31,6 %
Totais	19,1 %	15,9 %	25,3 %	36,8 %

#### Vigo

	Só galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán
15-24 anos	4,3 %	3,4 %	36,9 %	54,9 %
25-34 anos	7,4 %	7,1 %	28,7 %	53,9 %
35-44 anos	5,6 %	11,9 %	21,6 %	59,0 %
45-54 anos	11,9 %	15,7 %	20,4 %	47,7 %
Totais	7,3 %	9,5 %	26,9 %	54,0 %

## I.8. A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO GALEGO. Estado actual e perspectivas da lingua galega

**Normalizar unha lingua significa convertela en vehículo habitual e normal de comunicación** entre os cidadáns dunha comunidade en todas as súas actividades. Por iso cómpre unha planificación lingüística que evite a presión que o castelán exerce sobre o galego provocando a súa marxinación e perda de falantes.

O actual marco legal establece para o galego unha serie de posibilidades mediante a creación dunhas institucións, tanto públicas como privadas, que teñan como finalidade a recuperación e a normalización da lingua.

No ámbito público, a institución de rango superior é a SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA, dependente do Presidente da Xunta. Existen tamén moitos servizos de normalización lingüística en concellos, universidades, etc.

No plano privado, foron tamén xurdindo organizacións con esta mesma finalidade: a Mesa pola Normalización Lingüística, a Fundación Galicia-Empresa...

O proceso está agora nun momento decisivo. Nunca, desde a Idade Media, o galego dispuxo de tantas armas: oficialidade, mellora na consideración social, presenza no ensino e na cultura. Pero, por outro lado, nunca o perigo de substitución foi tan claro: ausencia importante de transmisión xeracional, presenza mínima nos medios de comunicación de masas...

A cultura agraria e mariñeira, que mantivo a lingua, está a desaparecer; aínda que é certo que está a medrar unha nova adhesión noutros ámbitos. Pero esta corrente regaleguizadora non compensa a perda progresiva de falantes. Se esta dinámica continúa, a medio prazo, o galego pode converterse nunha lingua “ritual”. Este curso por primeira vez comezan a funcionar as galescolas para os máis pequenos a pesar das polémicas co uniforme e coa posibilidade de aprender o himno galego. É pouco mais haberá que ver no futuro se continúa a ampliarse.

Só a lealdade lingüística, froito dun compromiso individual, pero tamén económico e social, poderá evitalo. Ademais a aposta pola lingua dos grandes poderes políticos e empresariais será un factor decisivo. Neste século XXI temos que ter en conta o uso do galego na internet. É unha nova arma moi interesante para a xente que está fóra. Hai moitos foros, chats, blogs nos que é frecuente o galego. Despois de moito loitar temos o Office e o Windows en galego, ademais dos correctores ortográficos adecuados. Dispoñemos xa de tradutores gratuítos galego-castelán, castelán-galego e anúnciase para o 2008 o tradutor galego-inglés.

LA VOZ DE GALICIA, 31 marzo 2007:

### En que lingua fala habitualmente? (Estudo a RAG)

<b>Só galego</b>	<b>38,7%</b> (1992) <b>44,4%</b> (2003)
<b>Máis galego ca castelán</b>	<b>29,9%</b> (1992) <b>19%</b> (2003)
<b>Máis castelán ca galego</b>	<b>20,8%</b> (1992) <b>18,2%</b> (2003)
<b>Só castelán</b>	<b>10,6%</b> (1992) <b>18,5%</b> (2003)

**Monolingües en galego** menores de 16 anos (**28%**) e maiores de 65 (**65,7%**), en 2003

*La Voz de Galicia 3-11-2007:* O Mapa Sociolingüístico apunta a primeira recuperación do galego: en doce anos, a capacidade de ler en galego pasou do 45,9 ao 82,1 %, e a de escribir subiu do 27,1 ao 74,4%. O idioma galego experimentou nos máis novos un aumento do seu uso como lingua inicial. Trátase dun incremento pequeno, pero que de confirmarse marcaría un cambio de tendencia de extraordinario valor por canto racha, por primeira vez en toda a historia, a liña de permanente perda de falantes. Esa evolución rexistrouse nas persoas que no 2004 tiñan entre 16 e 24 anos

## I.9. O GALEGO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DE MASAS ESCRITOS E AUDIOVISUAIS.

Os medios de comunicación representan na sociedade actual o instrumento máis poderoso para o asentamento de valores socioculturais e tamén lingüísticos: un idioma sen presenza neles camiña cara a súa marxinação.

Desde os anos setenta do século pasado, nos últimos anos da ditadura e, xa despois, no período democrático, fóronse dando pasos para incorporar o galego aos medios escritos: en semanarios de información xeral, como *Teima* ( que só durou dous anos), *A Nosa Terra*, que sobrevive desde o ano 1977; revistas mensuais, como *Tempos Novos*, e tamén revistas máis especializadas, como *Luzes de Galiza*, *Encrucillada*...

Na prensa diaria a presenza do galego é irrelevante: os xornais dedican ao galego, agás algunhas colaboracións, espazos conmemorativos de acontecementos culturais (Día das Letras Galegas) ou noticias relacionadas con ese ámbito. Hai que salientar a existencia (desde 1994) dun diario integramente en galego: *Galicia Hoxe* (con escasa difusión). Un feito moi interesante é o xornal gratuíto en galego *delunsavenres* ([www.l-v.es](http://www.l-v.es)), que saíu en decembro de 2006 con 50.000 exemplares. A revista actual con máis tirada e con moito texto en galego é a que a empresa R envía aos seus clientes.

Actualmente son os medios audiovisuais as que teñen unha maior influencia social. Tamén neste ámbito os datos da presenza do galego son moi desfavorables:

No ámbito radiofónico, só a *Radio Galega*, emite totalmente en galego pero ten moi pouca audiencia no medio urbano. Nas demais, tanto públicas como privadas, a ausencia do galego é case total ou límitase a algunha conexión.

No ámbito televisivo, o galego só aparece habitualmente na TVG desde 1985—un dos factores normalizadores máis importantes nos cativos- e nalgúns programas rexionais de TVE. Nas televisións privadas ou vía satélite o galego está absolutamente ausente menos nesta tempada en que La Sexta vai ofrecer na TDT os partidos do sábado en galego (é de salientar o uso positivo do galego por parte de R).

En Internet hai en galego varios buscadores especializados, o máis importante dos cales é hoxe [vieiros.com](http://vieiros.com). Case todas as institucións galegas teñen páxinas Web, ás que se pode acceder en varios idiomas, entre eles o galego. Tamén temos a posibilidade de ler en galego na rede a maioría dos xornais grazas aos tradutores. E a mensaxería? Parece que moita xente nova utiliza o galego nos seus SMS. Tamén se está a loitar por un domino galego na rede (.gal).

(Temas de literatura en colaboración co profesor Benigno González, de Noia)

## II.-1 NORIEGA VARELA E RAMÓN CABANILLAS. Obras representativas e características da súa escrita.

### A. Antonio Noriega Varela ( Mondoñedo, 1869 - Viveiro, 1947)

É o máis vello dos poetas da xeración que M Ferrín chama “Antre dous séculos”, que serve de ponte coa poesía decimonónica. É autor dunha soa obra que foi ampliando durante toda a súa vida: na primeira edición, que data de 1904, o título é *Montañesas*; desde a terceira, de 1915, pasa a denominarse *Do ermo*. O cambio de título serve para distinguir un cambio de tendencia na súa obra, na que se distinguen dúas etapas:

**Ruralismo costumista na liña do século XIX.** A única razón pola que destaca entre outros moitos contemporáneos é polo dominio da lingua, que tan ben coñece, e da métrica popular. A temática redúcese á descrición da paisaxe e á glosa da vida ruda dos campesiños e as alegrías festeiras. A súa calidade literaria resulta ás veces mediocre.

**Lirismo da natureza.** Aínda que os motivos sigan a ser as paisaxes montañesas, a súa poesía vólvese culta e refinada, de técnica impresionista. Cántalle ás pequenas cousas: flores, fontes, neve..., cunha actitude franciscana, relixiosa, de aprecio unicamente polo humilde, convertendo cada canto nunha especie de oración. Destacan os sonetos influenciados polos poetas portugueses (Antero de Quental, Teixeira de Pascoais)

### B. Ramón Cabanillas Enríquez Cambados, (1876 – 1959)

É o poeta máis coñecido da época, na que é coñecido como “*O Poeta da Raza*”. Recolle a inxenuidade de Rosalía, o celtismo de Pondal e a protesta de Curros (a nosa tradición) e introduce elementos renovadores modernistas. Pódense distinguir catro etapas na súa obra:

1.- Etapa **pregaleguista** ou **agrarista** (até 1915). Dela forman parte os libros *No Desterro* (1913) e *Vento Mareiro* (1915). De forma e temática do Rexurdimento (Rosalía e Curros), nos dous libros alternanse poemas de carácter intimista, costumista e agrarista (anticaciquil ). Estes últimos, rabiosos e incendiarios, que mostran a súa solidariedade cos labregos na súa loita pola redención do Foro, son os máis coñecidos. Algúns poemas como “*Acción gallega*” ou “*A Basilio Álvarez*” chegan a ser verdadeiros símbolos populares e converten a Cabanillas en herdeiro natural de Curros. Hai tamén poemas costumistas de influencia modernista.

2.- Etapa **galeguista** (1916-20). O libro representativo desta etapa é *Da Terra Asoballada* (1917). Cabanillas convértese no poeta civil de Galicia. A oposición xa non é cacique/labrego, senón Galicia/Castela.

3.- Etapa **mítica** (1921-30). No 1926 escribe tres longos poemas narrativos: “*A espada Escalibor*”, “*O cabaleiro do Sant-Grial*” e “*O sono do rei Artur*”, que compoñen o libro *Na Noite estrelecida*. Cabanillas emprende unha actualización da materia de Bretaña, galeguizándoa e adaptándoa para conseguir unha mensaxe nacionalista. E unha reconstrución mítica do pasado. No mesmo ano escribe con A. Villar Ponte a peza teatral *O Mariscal*, coa mesma intención que a anterior.

4.- Etapa de **posguerra** (1950-59 ) Non escribe poesía desde 1930 até 1950. Os seus últimos libros son *Da miña zanfona* ( 1954) e *Samos* (1958), libros cheos de desenganos e morriña. Neste último, evocador e panteísta, Cabanillas recupera a súa maior altura poética.

## II.-2 OS MOVEMENTOS DE VANGARDA. Características. Autores e obras.

Os movementos vangardistas (do francés *avant-garde* ) nacen en Europa nos comezos do século XX.. Orixinariamente son pictóricos, pero pronto son adoptados polas demais artes. Só teñen en común a reacción estética contra o establecido, pero as súas propostas son moi diferentes. Tamén son coñecidos como “ismos”: cubismo, surrealismo, dadaísmo, etc...

Os vangardistas galegos (nados en torno ao 1900) rompen coa tradición poética de sentimentalismo, folclorismo e paisaxe. Danse a coñecer nas revistas: Ronsel, Alfar, Cristal. En Galicia o movemento vangardista manifestouse fundamentalmente na poesía (en prosa Rafael Dieste, *Dos arquivos do trasno* ( 1926) relatos curtos, de impecable técnica narrativa):

**A. CREACIONISMO.** Os creacionistas consideran que a arte non debe imitar nin explicar a realidade: debe ser unha realidade autónoma, o poeta é como un deus que crea o seu mundo. O seu principal representante é MANUEL ANTONIO Pérez Sánchez (Rianxo, 1900–1930). *De catro a catro.* (1928) é o seu libro máis importante. Son 19 poemas nos que domina a monotonía, o estatismo (coma o navegar): o mesmo escenario, as mesmas palabras, as mesmas imaxes. A paisaxe é o **MAR**: Mar, Lúa, Estrelas, Sol, faros, gaivotas, barco, velas, horizontes, faros... non é unha descrición do mar, os mariñeiros, a súa vida..., non, trátase de imaxes vangardistas, rompedoras; é unha paisaxe interpretada, interiorizada.

**B. SURREALISMO:** ÁLVARO CUNQUEIRO. (Mondoñedo, 1911–Vigo, 1981) Escribe *Mar ao norde* (1932), *Poemas do si e non*, de tema amoroso (1933). Cunqueiro practica un surrealismo ao seu modo: fundamentalmente hai nos seus poemas liberdade, recollendo elementos de todos os ismos, de toda a literatura que coñeceu. Non hai nel automatismo nin dramatismo, típicos do movemento surrealista.

**C. HILOZOÍSMO** (animismo). Baixo unha forma tradicional -estrofas populares-preséntasenos, a base de imaxes vangardistas, unha natureza viva, aberta aos sentidos, sobre todo ao auditivo e visual. O poema deshumanízase (non está a persoa) e a paisaxe humanízase (compórtase como unha persoa). Só é vangardista nas imaxes. O máis coñecido e imitado hilozoísta é Luís AMADO CARBALLO. (Pontevedra, 1901–1927) Escribe *Proel* (1923) e *O Galo*, póstumo

**D. NEOTROBADORISMO:** Non é propiamente un vangardismo, senón unha reformulación de estilos e temas da tradición medieval, engadindo imaxes da poesía moderna. Os poetas recrean a estética das cantigas de amigo, de amor e de escarnio (refrán, paralelismo, leixa-pren, natureza). Ten moitos cultivadores e cultivouse despois da guerra.

Os principais representantes son:

--Fermín BOUZA BREY. (Pontearreas, 1901–Compostela, 1973) Escribe *Nao senlleira*, (1933) que inicia a corrente recollendo e adaptando certas características formais da poesía medieval.

--ÁLVARO CUNQUEIRO, que escribe *Cantiga nova que se chama riveira* en 1933. É o representante máis significado. Combina a imaxe vangardista con esquemas métricos tradicionais. Mesmo os seus poemas foron musicados por Amancio Prada.

--XOSÉ M<sup>o</sup> ÁLVARO BLÁZQUEZ (*Cancioneiro de Monfero*, 1953) é o que mellor imita a poesía medieval (facéndoo pasar por un auténtico cancionero medieval).



## II.- 3 A XERACIÓN NÓS. Características. Autores e obras.

Recibe este nome un grupo de persoas que funda e colabora na revista **NÓS** (1920-1936).

Os integrantes máis coñecidos do grupo NÓS son **Ramón Otero Pedrayo**, **Vicente Risco**, **Florentino L. Cuevillas** (o *Cenáculo ourensán*) e tamén **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao** e **Antón Lousada Diéguez**. Os tres primeiros, de procedencia fidalga ou burguesa, teñen unha primeira etapa de inadaptados: dandismo, cosmopolitismo simbolista.... É a partir de 1918 cando centran a súa atención en Galicia. O caso de Castelao é distinto: provén do agrarismo e ten unha procedencia social popular.

Todos eles son políglotas, moi cultos, e participan en todo tipo de actividades de signo galego da época: Seminario de Estudos Galegos, Irmandades Da Fala, Partido Galeguista... Os homes do grupo NÓS son: europeizadores, iniciadores do ensaio en galego, creadores da moderna prosa galega e colaboradores co Seminario de Estudos Galegos.

**VICENTE RISCO:** (Ourense, 1884-1963).

*Teoría do Nacionalismo Galego* (ensaio, 1920): foi o libro guía dos galeguistas antes da II República, o ideario das Irmandades da Fala. *Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros* (relato-1919): a maxia, o esoterismo e o mundo de ultratumba. *O porco de pé* (1928): obra de sátira e parodia protagonizada polo comerciante de Auria D. Celidonio, que chega a alcalde. O estilo caracterízase pola abundancia de enumeracións e a imitación de diversos discursos da época. *O bufón d-el Rei*, 1928: teatro.

**RAMÓN OTERO PEDRAYO** (Ourense, 1888 – 1976)

Autor dunha longa e importante obra narrativa, ensaística e teatral, destacamos:

-*Os camiños da vida* (1928). Novela longa que retrata as correntes dominantes no século XIX en Galicia aproveitando dúas familias fidalgas: Os Doncos e os Puga. Está moi ben retratada a decadencia da fidalguía e a aparición das ideas galeguistas. *Arredor de si* (1930) é unha novela sen acción exterior, que se desenvolve na mente do protagonista, Adrián Solovio. É a crónica dunha peregrinación, interior e exterior, á busca da propia identidade dun mozo que se atopa a si mesmo no seu país e no ser colectivo de Galicia, célula de universalidade.

-*Contos do camiño e da rúa* (1932): 7 relatos. “O fidalgo”, o 1º de todos, é considerado como unha das mellores mostras da narrativa breve galega.

Teatro: *A lagarada* (1928) é unha traxedia rural co mundo do viño como fondo. *Teatro de máscaras* (escritas no 1934 e publicado no 1975). Son 16 pezas, conxunto de ideas para posibles escenificacións. *Historia de Galicia* (1962), *Guía de Galicia* (1926), no ensaio

**ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO.** ( Rianxo, 1886– Buenos Aires, 1950)

**A. CASTELAO POLÍTICO.** Inicia a súa actividade na loita anticaciquil en Rianxo, pasando polo agrarismo, as Irmandades da Fala, a constitución do Partido Galeguista, deputado nas Cortes dúas veces, principal loitador no 36 polo Estatuto de Autonomía... Despois da guerra participa no 1944 na constitución do Consello de Galicia, do que sempre foi presidente e chegou a ministro sen carteira do goberno republicano no exilio.

B. **ARTISTA GRÁFICO:** Faceta destacadísima que o fixo moi coñecido. Denunciou todas as mágoas que feriron a súa sensibilidade. *Cincuenta homes por dez réas* (1930), *álbum Nós* (1931), Os álbums de guerra *Galicia mártir* (1937), *Atila en Galicia* e *Milicianos*, (1938), Os *Debuxos de negros*, (1940)

C. **ENSAÍSTA.:** Conta cunha extensa obra teórica no campo da arte: *Arte e galeguismo* (1919), *As cruces de pedra na Galiza* (1950), *As cruces de pedra da Bretaña* (1930), etc. *Sempre en Galiza*, (Buenos Aires 1944 ) Converteuse na biblia do galeguismo despois da guerra civil. É unha suma de artigos escritos en anos diferentes. Partindo de ideas propias e alleas elabora unha teoría do nacionalismo, comenta a actuación da República, etc.

D. **NARRADOR:** Tenrura, humor e denuncia social.

-*Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922), novela curta na que utiliza o recurso do manuscrito atopado, desenvólvese no mundo de ultratumba.

-*Cousas* (1926 e 1929), son 45 relatos moi curtos coa súa correspondente ilustración. Hai humor (que arranca da dor e como defensa contra esa mesma dor), denuncia dunha realidade inxusta e posiciónase ao lado dos máis débiles.

-*Os dous de sempre* (1934). Tanto o título como o debuxo da portada (un paxaro e un sapo) indican que trata de presentar os dous tipos humanos fundamentais: Quixote = actividade = RAÑOLAS / Sancho=pasividade = PEDRO. Lembra o xénero picaresco co seu heroe/antiheroe.

-*Retrincos* (1934). Son cinco relatos sobre cinco momentos autobiográficos (O segredo, O inglés, O retrato, Sabela e Peito de Lobo).

E. - **DRAMATURGO:** *Os vellos non deben de namorarse* (1941). "farsa en 3 lances": O tema da obra (estreada en Buenos Aires, 1941 e publicada por 1ª vez no 1953) é tópico e universal, os amores de vellos con mozas. É a obra de teatro galega máis coñecida e máis veces representada.

## II.- 4 A LITERATURA GALEGA NO EXILIO. Características. Autores e obras.

En Galicia a nosa lingua foi retrotraída á categoría de dialecto, de castelán mal falado. A nosa cultura popular foi convertida en manifestación de aldeanismo para un amplo sector da poboación. O ser galego empezou a sentirse como equivalencia do atraso. A literatura galega deixou de existir como manifestación pública durante case un decenio.

América Latina vai ser o refuxio de moitos exiliados, que evitarán que o facho da cultura galega se apague: de 1940 a 1944 publícanse en América 18 libros en galego e varios en castelán sobre a nosa cultura, aquí nada de nada.

**Buenos Aires** pasa a ser a capital da cultura galega. Alí os intelectuais galegos organizanse e editan revistas que a manteñen viva (*Galicia, Céltiga*), fanse programas de radio (Blanco Amor) ou danse conferencias (Castelao). Nesta cidade estréase no 1941 *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, pola Compañía Galega Maruxa Villanueva, dirixida polo tamén autor teatral Manuel Varela Buxán.

En Buenos Aires ou Uruguai aparecerán libros fundamentais como *A esmorga* (1959), *Memorias dun neno labrego* (1961); ademais de *Sempre en Galiza*, a *Obra Completa de Cabanillas...*

Algúns dos autores do exilio son:

A. **LUÍS SEOANE**, (Buenos Aires, 1910–A Coruña, 1979) poeta, ilustrador, deseñador e editor de moitos libros (un dos grandes da pintura galega do XX).

Dos catro libro de poesía que escribe, destaca o primeiro: *Fardel de eisiliado* (1952). É un libro que supón a recuperación da poesía cívica e resulta un precursor da poesía social-realista, ou “de compromiso” que imperará na nosa literatura nas décadas seguintes. O principal tema é a emigración como colectivo explotado a través da historia.

B. **LORENZO VARELA**. (A Habana, 1916 – Madrid, 1978)

Fillo de emigrantes, naceu nun transatlántico. Escribe dous libros de poesía en galego, o máis significativo dos cales é *Lonxe* (1954). Dúas temáticas dominan o libro: unha mítico-histórica baseada na guerra civil na que canta ós guerrilleiros anifranquistas e outra saudosa, en torno á ausencia da Terra e ao exilio.

C. **EMILIO PITA** (A Coruña, 1909 – Madrid, 1978).

Emigrante e activista político. O seu libro poético máis salientable é *Jacobusland*. (1942) Libro onde se pon de manifesto a traxedia da Guerra Civil e se ve con nostalxia a natureza galega.

D. **EDUARDO BLANCO AMOR**

O Blanco Amor bonaerense é fundamentalmente un autor teatral. Cre que o teatro é unha arma magnífica para que o público coñeza a terrible realidade da Galicia do momento. Escribe moitas pezas entre as que destacan *O cantar dos cantares*, *Farsas para títeres*, *Teatro prá xente*. Pero en Buenos Aires publica tamén unha novela que será considerada como o punto de partida para a renovación da narrativa galega contemporánea: *A esmorga*.

Ouros narradores salientables do exilio son Silvio Santiago (*Villardevós*), Neira Vilas (*Memorias dun neno labrego*) e Ramón de Valenzuela. (*Non agardei por ninguén*)

## II.- 5 TENDENCIAS DA LÍRICA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX.

### Grupos de poetas

Ata 1946 non aparece o 1º libro orixinal en galego: *Brétemas mariñás* de Celestino Luís Crespo. No 1949 nace en Pontevedra a Colección Benito Soto, dirixida literariamente por Celso Emilio Ferreiro, na que publican autores como Luís Pimentel, Manuel María ou M. Cuña Novás. En 1950 nace a Ed. Galaxia, que foi o eixo da resistencia cultural. Segundo a época de nacemento dos poetas podemos sinalar diferentes promocións:

1. **XERACIÓN DO 36**. Nados entre 1910-20, coñeceron a guerra civil. Son poetas que publican, normalmente en castelán e galego, de culturas moi diferentes e, polo tanto, de estilos moi diferentes. Algúns seguen a corrente de Paisaxismo ruralista, como Aquilino Iglesia Alvariño ou Díaz Castro (Galicia, a natureza, o amor, a morte). Outros son neotrobadoristas, como Álvarez Blázquez. ou intimistas rosaliás, como María Mariño.

2. **PROMOCIÓN DE ENLACE.** Nados entre 1920-30: Antón Tovar, Luz Pozo Garza, M. Cuña Novás. Tampouco son un grupo coherente, senón que cada quen trata de buscar o seu estilo propio. Están influenciados polos vangardistas galegos dos anos vinte (neotrobadorismo e imaxinismo/hillozoísmo) e pola Xeración do 27 castelá (sobre todo Lorca). Viven en plena posguerra e aportan a temática da angustia existencial.

3. **A POESÍA SOCIAL: CELSO EMILIO FERREIRO.** En 1955 publica *O soño sulagado*. A perda da inocencia e dos soños, a angustia existencial, o amor, o antibelicismo e a emigración son os principais temas.

*Longa noite de pedra* (1962) foi un dos libros de poesía de máis resonancia neste século. Tivo moitas edicións e un extraordinario éxito dentro e fóra de Galicia. O título do poema inicial e do propio libro foi interpretado como un símbolo da situación de España durante a ditadura. O libro consagrou a Celso Emilio F. como poeta comprometido (esa era a súa concepción da poesía). No libro coexisten dúas grandes liñas temáticas, que se entrecruzan en moitos poemas: a liña crítico-social, que defende os marxidados e oprimidos, denuncia os opresores, defende a lingua como marca de clase e, de xeito novidoso dentro da nosa literatura, fala do mundo dos obreiros. A liña lírico-intimista, continuación do seu primeiro libro.

En 1968 publícase *Viaxe ao país dos ananos*, contra aqueles que fixeron cartos na emigración explotando aos seus propios irmáns.

4. **XERACIÓN DOS 50:** Poetas das "FESTAS MINERVAIS" e o grupo "BRAIS PINTO". Nados entre 1930-40, non coñecen a guerra civil: Manuel María, Uxío Novoneyra, Xoana Torres, Bernardino Graña, García Bodaño, X.L. Méndez Ferrín.

Nun primeiro momento fan unha poesía intimista que presenta liricamente o seu conflito persoal co mundo, mesturando contidos existencialistas e formulacións surrealistas. Posteriormente, a xeración sofre unha transformación: superado o existencialismo angustiado e o socialrealismo, incorporan elementos da vangarda histórica e das neovangardas (movemento *beat*) Unha das súas obras (*Con Pólvora e Magnolias*, de M. Ferrín) abre o camiño da poesía galega da actualidade.

5. **LUÍS PIMENTEL** (Lugo, 1885 – 1958)

De idade moito maior que os demais autores, é un supervivente da época das Vangardas. O seu libro máis importante, *Sombra do aire na herba* foi publicado un ano despois da súa morte. O libro é unha simbiose do autor coa cidade de Lugo, cheo de impresionismo pictórico, de intimismo e de solidariedade cos represaliados da guerra civil.

## II.- 6 TENDENCIAS DA NARRATIVA GALEGA DE POSGUERRA. Autores e obras.

### A. TENDENCIAS NARRATIVAS:

1.- Continuación da prosa da Xeración Nós: A decadencia da fidalguía. En 1951 publícase *A xente da Barreira*, de Ricardo Carballo Calero, primeira novela en galego publicada en Galicia despois da guerra civil. Otero Pedrayo retoma na posguerra o seu labor con obras como *O señorito da Reboraina* (1960) ou *O espello no serán* (1966).

2. - A imaxinación como fuxida ou evasión. O realismo fantástico de **Álvaro Cunqueiro**.

3.- A indagación no conto popular: O realismo popular de **Ánxel Fole**.

4. O realismo social de **Blanco Amor**.

5. Podemos incluír como tendencia **A Nova Narrativa**, proxecto rompedor na temática e na técnica levado a cabo por un grupo de mozos en torno ao ano 1960, que se verá no tema 8.

## B. PRINCIPAIS AUTORES E OBRAS

- **ÁLVARO CUNQUEIRO**

Escribe tres novelas e un libro publicado baixo o título de *Semblanzas*

As tres novelas presentan estrutura semellante: coleccións de historias das que dá conta un narrador testemuña.

-*Merlín e familia* (1955). Mais que unha novela é unha sucesión de episodios referidos por Felipe de Amancia, paxe que foi do mago Merlín cando este estivo en terras de Miranda, a onde acoden xentes moi diversas. O *Merlín...* é unha recreación episódica da universal materia de Bretaña desde a particularidade dunha perspectiva galega.

-*As crónicas do sochantre* son de 1956. A acción decorre na Bretaña francesa e o Sochantre de Pontivy actúa como fío condutor da narración. É unha obra con moito humor xa que nin a morte nin o crime son tomados en serio, podendo considerarse mesmo unha parodia da novela tremendista.

-*Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1961) é considerada como unha novela de personaxe. Sinbad conta nas tertulias as súas raras aventuras mariñeiras. É unha recreación interpretativa do mito de *As mil e unha noites*.

Desde supostos máis realistas están escritas as *Semblanzas*. Consta de tres coleccións de relatos *Escola de menciñeiros* (1960), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979). Son breves retratos de personaxes populares con toda a aparencia de seres reais, aínda que ás veces os seus poderes ou aventuras sexan de natureza marabillosa, relacionados coas crenzas da nosa cultura tradicional.

- **ÁNCEL FOLE** (Lugo, 1903–1986)

Publica en 1953 *Á lus do candil*, *Contos a carón do lume*. Son catorce relatos escritos coa técnica tradicional do “contacontos”, de temática baseada na mitoloxía popular de lobos, aparecidos, meigallos...de ambientación rural e lingua dialectal do Courel.

Outras obras súas son *Terra brava*, de características parecidas á anterior e *Contos da néboa*, de ambientación urbana, tinxidos de humorismo.

- **EDUARDO BLANCO AMOR** (Ourense, 1897–Vigo, 1979)

-En 1955 publica *A esmorga*, obra que supón o inicio da renovación na narrativa galega de posguerra, tanto na temática (protagonismo colectivo, das clases populares) como na forma (técnica telefónica). Non tivo influxos directos na narrativa coetánea por ser publicada na Arxentina e aquí pouco coñecida. Cibrán relata diante do xuíz as últimas 24 horas de esmorga por Auria en compañía do Bocas e do Milhomes.

- *Os biosbardos* (1962). Son 7 relatos (8 só na 2ª edición) narrados en 1ª persoa por un neno que cambia en cada conto. Están situados no Ourense de primeiros de século. Foron escritos co propósito de chegar ao lector común (subtitulados *Contos pra a xente*)

-*Xente ao lonxe* (1972) é unha radiografía do Ourense de principios de século a través da experiencia dun grupo de traballadores, vinculados a organizacións de carácter obreiro e sindical, que loitan por unha escola laica e popular fronte á burguesía que pretende unha escola relixiosa. Técnica e tematicamente é a máis complexa das súas obras xa que ten un enfoque polifónico, de perspectiva múltiple, pois mestura diferentes narradores. O principal é Suso, neno de 12 anos que vai madurando ao longo da obra.

## II.- 7 O TEATRO GALEGO DO SÉCULO XX. Tendencias. autores e obras.

**A. O TEATRO ANTERIOR Á GUERRA CIVIL.** A primeira obra en galego é *A fonte do xuramento*, De Francisco M<sup>a</sup> de la Iglesia, 1882. No comezo do Século XX, ata a época das Irmandades, as escasas obras escritas ( sociais, históricas ou líricas ) mostran unha ambientación case exclusivamente rural, moi costumista. É un teatro poboado de personaxes tópicos, escrito en verso, que busca o contraste cómico entre o castelán dos señoritos e o galego dos labregos.

O número de autores e obras, así como a calidade das mesmas aumentará a partir de 1916, grazas ó labor orientativo das **Irmandades da Fala**, que consideraban que o teatral era un dos ámbitos nos que o galego debía gañar o prestixio social. Crearon o Conservatorio Nazonal do Arte Gallego, en 1919 e en 1922 a Escola Dramática Galega, que representou obras de autores galegos e tamén versións ao galego de obras de Shakespeare ou Molière. *O Mariscal*, de Villar Ponte e Cabanillas *A man de Santiña*, de Cabanillas, son obras da época.

**A Xeración Nós.** Non lle concederon ao teatro tanta importancia como as Irmandades da Fala, mais aínda así os 3 autores cultivan o xénero e danlle un pulo extraordinario facéndoo participar das correntes europeas, introducindo novas técnicas e superando o realismo do teatro anterior. Otero Pedrayo: *A Lagarada*, *Teatro de máscaras*, Vicente Risco: *O Bufón de El-Rei* (1928), Castelao: *Os vellos non deben de namorarse*.

Contemporáneo é o traballo dos membros do Seminario de Estudos Galegos: Carballo Calero, Bouza Brey.. . Cómpre destacar a peza de Rafael Dieste, *A fiestra valdeira* (1927), a obra máis coñecida e universalmente valorada da época, que abre camiños de rigor estético e fuxida de temas costumistas e propagandísticos.

### **B. O TEATRO NA EMIGRACIÓN E NO EXILIO.** Hai que distinguir dúas variantes:

O teatro popular, feito desde os anos trinta por emigrantes, que apela ao sentimento, ao orgullo de ser galego para evitar o desarraigo. O principal representante é Varela Buxán, que creou a “Compañía Galega Maruxa Villanueva”, un grupo de actores moi famosos entre os que estaban a actriz que lle dá nome e Fernando Iglesias “Tacholas” Esta compañía representou varias obras de Varela Buxán como *A xustiza dun mariñeiro*, *O Ferreiro de Santán...* así como *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao.

O teatro culto, feito por exiliados do franquismo, con incorporación de técnicas modernas e un contido máis intelectual. A obra máis representativa é *Os Vellos...* que combina elementos populares con outros da máis refinada vangarda expresionista. Outros autores importantes son Luís Seoane ( *A soldadeira* ) e E. Blanco Amor ( *Farsas para títeres*, *Cantar dos cantares* )

## C. O TEATRO NA POSGUERRA FRANQUISTA.

Nos anos corenta e cincuenta a Ditadura permitiu representar obras folclóricas, na maioría das cales se ridiculizaba ao galego e aos galegos. Algunhas que non o facían son *Vento Choído*, de X.L. Franco Grande ou *Auto do taberneiro*, de Manuel María. Algúns autores escriben nesta época obras que saben que non poderán ser representadas daquela, debido á censura. Algunhas serán representadas máis tarde, como *Auto do prisioneiro*, de R. Carballo Calero ou *A serpe e A Revolta*, de Jenaro Marinhoas. Unha das figuras máis representativas vai ser **Álvaro Cunqueiro** (*O incerto señor don Hamlet*, recreación do coñecido tema)

Nos últimos anos do franquismo e primeiros da democracia hai que salientar a importancia do grupo Abrente, animado por Ernesto Chao, que organiza as mostras de Ribadavia. Moitos grupos independentes intentaron sacar o teatro dos locais oficiais e achegalo ao pobo. Xorden autores de capital importancia na modernización do teatro galego, como Manuel Lourenzo ou Roberto Vidal Bolaño. No 1984 a Xunta crea o Centro Dramático Galego.

## II.- 8 OS MODELOS NARRATIVOS DE FINAIS DO SÉCULO XX.

### Características. Autores e obras.

#### A Nova Narrativa Galega.

O nome de N.N.G. vén do *Nouveau Roman* francés (anos 50). Os cultivadores desprezan as formas narrativas tradicionais e a procuran novos camiños. Alain Robbe-Grillet propugna a total obxectividade (obxectalismo): o máis importante no relato son as cousas, e o home virá sendo un obxecto máis e non o centro de todo; o protagonista fica reducido a un pronome EU, TI...

As súas primeiras manifestacións en Galicia son de mediados dos anos 50, continuándose na década de 1960-70. Non se pode falar en sentido estrito dunha escola ou grupo homoxéneo, marcado por unhas liñas mestras coas que todos os seus integrantes se identifiquen e que se transparenten na súa obra. Úneos a súa formación universitaria, con claras inquietudes galeguistas, o seren viaxeiros por Europa e coñecedores da literatura europea e americana. No plano literario, a súa intención innovadora e o desexo de ruptura formal coa tradición narrativa (a Xeración Nós, o ruralismo, o social-realismo).

Comparten influencias de Kafka: o absurdo; de James Joyce: a exploración do monólogo interior; de W. Faulkner: a destrución da lóxica temporal (retrospeccións, prospeccións, minutos eternos, eternidades brevísimas ...); de Sigmund Freud: a presenza do subconsciente (traumas, soños, símbolos...)

As obras teñen en común: localización espacial imprecisa, sen identificación física. Ambientes urbanos para os protagonistas e personaxes non identificados, anónimos, marxinais. Mestura de realidade e mundo fantástico, onírico. Presenza do subconsciente. Exploración de situacións estrañas e opresivas, nos límites do absurdo (Kafka). Abandono do antropocentrismo: o home non ten máis importancia que os obxectos. Presenza do sexo e da violencia.

Autores e obras máis importantes: **X.L. Méndez Ferrín** *Percival e outras historias, O crepúsculo e as formigas e Arrabaldo no norte*. **G. Rodríguez Mourullo**: *Memorias de Tains*. **Carlos Casares**: *Vento ferido*. **Mª Xosé Queizán**: *A orella no buraco*. **Xohana Torres**: *Adiós, María*.

Moitos integrantes da NNG que seguen escribindo máis tarde abandonarán completamente esta tendencia. Superada influencia da NN. M. Ferrín evoluciona e escribe moitas outras obras entre as que hai que salientar: *Elipsis e outras sombras* (1974), de temática realista social; *Amor de Artur*, (1982), de temática artúrica; *No ventre do silencio* (1999), recreación da Compostela dos anos cincuenta, *Arraianos*....Despois de 1970 Casares escribe obras ambientadas no pasado histórico, de técnica e enfoque máis tradicionais, como *Xoguetes para un tempo prohibido*, de carácter autobiográfico; *Ilustrísima*, que trata o fundamentalismo católico ou *Os mortos daquel verán*, ambientada na guerra civil. Tamén *O sol de verán*

**Xosé Neira Vilas** (Vila de Cruces, 1928). Foi emigrante e mantívose á marxe da Nova Narrativa. *Memorias dun neno labrego* (1961) é o inicio e talvez o cume da súa obra narrativa. O éxito de venda e difusión mesmo fóra de Galiza -pois foi traducida a varios idiomas: chinés, ruso, alemán, búlgaro, inglés...- confirma o valor literario e o traballo estilístico dunha novela de estrutura sinxela, de orixe autobiográfica, na que trata o mundo pechado e durísimo de Balbino, neno fillo de labregos pobres, que traballa de criado, a descubrir as miserias e pequenas alegrías dunha vida que é un pouco a de todos nós. Outras obras súas son *Cartas a Lelo* (1971) , *Aqueles anos de Moncho* (1977), *Querido Tomás* ... (1980)

## II.- 9 TENDENCIAS ACTUAIS DA LÍRICA, DA NARRATIVA, DA DRAMÁTICA E DA ENSAÍSTICA

**1. A Lírica.** Nos anos oitenta as principais características definitorias da poesía galega son:

- Ruptura co social-realismo. Prodúcese un distanciamento entre o poeta e a sociedade.
- Integración de elementos da cultura urbana e marxinal: drogas, depresións, etc.
- Recuperación do intimismo e do erotismo explícito.
- Preocupación formalista, barroquismo. A poesía é a arte da linguaxe.

Algúns representantes son:

- **Manuel Vilanova**, mítico e simbolista, escribe *E direivos eu do mester de cobras*....
- **Xosé Mª Álvarez Cáccamo**, aberto á realidade a través de vivencias familiares, escribe *Praia das furnas*....
- **Paulino Vázquez**, culturalista de verso depurado e barroco, escribe *Seixo de desfacer entre os dedos*...

A partir dos anos noventa é máis difícil falar de tendencias comúns, dado o carácter individualista de cada poeta. Aínda así, algunhas máis ou menos compartidas poderían ser:

- Desbarroquización da linguaxe. Utilízase unha lingua directa e coloquial, tratando temas cotiáns.
- Predominio dos recitais, para producir un contacto entre o poeta e o ouvinte, máis que entre o poeta e o lector.
- Tratamento de temas sociais con novas sensibilidades: Insubmisión, ecoloxismo, feminismo..

Prodúcese unha importante incorporación da muller á poesía: **Pilar Pallarés**, **Marica Campo**, **Iolanda Castaño**... e seguen escribindo os autores que o facían nos oitenta.



**2. A Narrativa.** O panorama narrativo é complexo e nel pódense sinalar algunhas tendencias:

- Narrativa histórica, con introdución de elementos fantásticos.
- Narrativa experimental, de carácter rupturista na técnica.
- Narrativa de xénero ( policíaca, ciencia-fición..)

Algúns autores salientables son:

- **Alfredo Conde**, que escribe *Xa vai o griffón no vento*, de carácter histórico.
- **Xabier Alcalá**, que escribe *Fábula*, visión sarcástica da realidade intelectual galega.

Desde 1985 a narrativa despraza á poesía en número de títulos. Desaparece a narrativa ruralista e social e aparecen xéneros novos como o ensaio ou a crónica.

Autores importantes son:

- Manuel Rivas**, o escritor actual máis coñecido e lido. O humor, o lirismo e o humanismo caracterizan a súa obra. Escribe, entre outras *Que me queres, amor?, O lapis do carpinteiro ...*
- Suso de Toro**. Transgresor na linguaxe, mostra a realidade urbana e marxinal. Escribe, entre outras *Polaroid, Ambulancia, A sombra cazadora...*

### 3. O Teatro.

Algúns dos autores e actores dos grupos independentes que participaron nos certames de Abrente en Ribadavia son os artífices da renovación do teatro actual: Con moitísimos atrancos incorporan o teatro galego á dramaturxia europea contemporánea.

Algúns autores importantes son:

- **Manuel Lourenzo**, polígrafo, director e profesor de actores. A traxedia grega e a mitoloxía, tratadas coa dose xusta de humorismo, sérvenlle para interpretar a realidade e explicar o comportamento humano. Escribe , entre outras: *Romería ás covas do demo, O circo de medianoite...*
- **Euloxio Ruibal**, Analiza os grandes momentos da historia contemporánea: a guerra civil e o posfranquismo. Escribe, entre outras *O cabodano* ou *Moremia ...*
- **Roberto Vidal Bolaño**, Clásico e provocador, escribe obras como *Bailadela da morte ditosa...*

En 1984 créase o Centro Dramático Galego e desde entón empezan a publicar autores novos como **Xesús Pisón** ou **Raúl Dans**.

#### 4. O Ensaio.

Case ausente na literatura desde Otero Pedrayo, este xénero rexorde nos anos oitenta con gran vitalidade. Maniféstase en novas revistas que conseguiron consolidarse, como:

- **Encrucillada**, de pensamento cristián.
- **Festa da palabra silenciada**, de orientación feminista.
- **Luzes de Galiza**, de expresión artística.

A galeguización de moitos ámbitos universitarios contribuíu á formación de investigadores que publican en galego as súas obras.

O campo ensaístico é moi diverso e, aínda que resulte difícil facer unha clasificación, pódense establecer algunhas liñas temáticas:

- **Economía e política.** Hai que destacar o labor de Xosé Manuel Beiras ou Carlos Mella.
- **Sociolingüística.** É salientable o traballo de Xesús Alonso Montero ou Francisco Rodríguez, con obra xa clásicas como *Informe dramático sobre a lingua galega* ou *Conflicto lingüístico e ideoloxía*, respectivamente.
- **Feminismo.** María Xosé Queizán é unha das máis importantes representantes co seu libro *Recuperemos as mans*.

*CIUG: Nesta última pregunta (literatura) temos que lembrar que as respostas dos alumnos nunca deben ser unha listaxe de autores e obras senón que tamén se espera unha explicación das características da escrita dos autores, das tendencias ou das etapas.*

<http://ciug.cesga.es/actualizacion/marcopaau.html>

**Páxina da CIUG cos exames, criterios e respostas dos últimos anos: exames, criterios, solucións/ escoller o ano e a materia**

**Proposta de exames 2005 CIUG**  
**LINGUA GALEGA E LITERATURA**  
**OPCIÓN A**

*Insisto no dito por min noutra sesión. Se hai unha cultura específica —coa súa mitoloxía e os seus símbolos— dun pobo labrego, unha cultura diferente da dun pobo de pastores, poño por caso; parece que para pobos diferentes ten que haber un ensino moi diferenciado. Se como tanto e tan ben se dixó aquí, o pobo noso, nós, é un dos pobos do círculo cultural occidental que viven máis o seu ámbito, máis apegados están á natureza, ás formas da paisaxe, e aínda ós temporais, á choiva, á brétema, etc.; o ensino ha de acomodarse a esta disposición máis fonda do espírito do galego. Habemos de saber como é o galego profundo, se se pode dicir así, e buscar un programa de ensino que lle corresponda, e tamén as tarefas que realizou na historia, e o que queremos que haxa de ser no futuro. Penso que sendo nós un pobo agricultor e gandeiro, o ensino ten que conservar esta condición nosa, que por outra banda deunos un status cultural, e sería o máis inútil do mundo destruír isto que aínda existe, e que vai existir, aínda que quizais esnaquizada, no ano 2002. Unha cultura que supón uns comportamentos dados, una riqueza léxica, e unhas crenzas case relixiosas, que van dende as fases da lúa nas que hai que facer semente ou recolleita, ata certos actos máxicos, en relación coa fecundidade do campo e dos rabaños.*

*Como eu coido que o apego do galego á terra, á paisaxe na que el mesmo tanto laborou, na súa adaptación física e mental ó clima de Galicia, son datos positivos, a educación debe valorar esta situación.*

*Adaptado dunha entrevista realizada a E. Blanco Amor. 1979.*

**BLOQUE I**

1.- Indica cal é o tema do texto e fai unha síntese del. (1 punto)

2.- Fai un comentario crítico sobre as opinións que Blanco Amor expón neste texto. (Mínimo 20 liñas). (2 puntos)

**BLOQUE II**

3.- Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: pobo (l. 2), brétema (l. 5) tarefas (l. 7), riqueza (l. 11), apego (l. 14). (1 punto)

4.- Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: específica (l. 1), mitoloxía (l. 1), brétema (l. 5), esnaquizada (l. 11), fases (l. 12). Non é válida a definición só con sinónimos. (1 punto)

5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Insisto no dito por min noutra sesión.* (1 punto)

6.- O galego entre 1936 e 1975. (Mínimo 15 liñas). (1 punto)

**BLOQUE III**

7.- Movimentos de vangarda. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas). (3 puntos)

## LINGUA GALEGA E LITERATURA OPCIÓN B

*Querida irmá:*

*Estamos ben todos tres, sans, solteiros e pescando arreo, cadaquén polo seu rumbo, eu de patrón e os outros de mariñeiros, que para o caso é o mesmo. Como eu son decote o que escribo, en nome da rolada, e hai tempo que non o fago, quero contarche o que pasou, máis ben o que me pasou, que ten a súa historia, o seu aquel.*

*Vou polo comezo. Os ianquis implantaron o que deu en chamarse a Lei Seca, contra o feireo e o consumo de bebidas con alcol, o que provocou un contrabando de moito pistón. A nosa xente nunca andou niso. Certo que ás veces, no tanque dalgún viveiro ía camuflada unha garrafa de ron que custaba en Cuba uns catro dólares e podíase vender por vinte nos Estados Unidos, pero os nosos desbotaban tal choio, e só o facían en ocasións moi contadas para cumprir a encomenda dalgún torreiro amigo.*

*Había lerios máis revirados ca ese do ron, e nun deles vinme encerellado sen comelo nin bebelo. Xa che conto. Andaba eu de temoeiro no San Agustín, do que era patrón Xoán Lence, un pillabán da Malata que lle fuxiu ó demo e sábeas todas, ou fai que as sabe, e case chegando a Boca Grande, na Florida, vin vir a todo dar unha lancha de luxo que se encamiñou de par de nós, quero dicir, do noso veleiro. A min non me deu boa espiña. O que a guiaba era un mozote gordecho duns vinte e cinco anos, cunha longa cicatriz de navalla na fazula dereita. Arrimouse canto puido, chamou ó Lence e pediulle querosina. Falaba con acento floridán.. O noso patrón deulle unha lata redonda, alongada, e non ben a tivo nas mans, o louro liscou a toda mecha. Inda non pasaran dez minutos cando vin que se nos achegaban dúas canoneiras do servizo de gardacostas. Aviseille a Lence desa presenza e contestoume moi foncho que non lle importaba. Iso dicía, mais... Detivéronnos a todos e remolcaron o San Agustín ata o porto de Tampa, onde ficou en corentena. Nós fomos dar á cadea. Como cho conto. A Lence comunicárono. Na realidade, o que puidera haber de avolto naquilo era cousa del. Nada máis ca del.*

*Xosé Neira Vilas. Relatos mariñeiros. 2003.*

### **BLOQUE I**

1.- *Sinala a estrutura do texto. (1 punto)*

2.- *Partindo do que se di na liña 6, fai un comentario sobre a prohibición da venda e consumo de bebidas alcohólicas. (Mínimo 20 liñas). (2 puntos)*

### **BLOQUE II**

3.- *Localiza no texto un infinitivo que poida poñerse na súa forma conxugada e conxúgao. Sinala tamén unha perífrase verbal que atopas no texto. (1 punto)*

4.- *Indica un sinónimo de cada unha das seguintes palabras: rolada (l. 4), feireo (l. 6), lerios (l. 11), encerellado (l. 11), cadea (l. 21). (1 punto)*

5.- *Localiza os pronomes persoais átonos que hai entres as liñas 11 e 16, ambas incluídas, e indica a función sintáctica que desempeñan. (1 punto)*

6.- *O galego nos medios de comunicación de masas escritos e audiovisuais. (Mínimo 15 liñas). (1 punto)*

### **BLOQUE III**

7.- *A xeración Nós. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas). (3 puntos)*

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN A

Valentín Lamas Carvajal, xunto con Curros e Rosalía, foi o escritor máis popular do Rexurdimento, o que contrasta co papel secundario que vén ocupando ao lado da tríade formada por «a Rula, o Bardo e o Rebelde». Ademais de consideracións de orde estética, as descualificacións que inicialmente lle dedicou Murguía e unha certa desatención cara á súa produción por parte dos homes da época Nós contribuíron a desprazar ao cego ourensán do lugar preeminente dentro do canon das letras galegas; e isto pese á loanza co que o favoreceron en vida os críticos galegos e a mesma Emilia Pardo Bazán, esta última desde unha posición paternalista, movida polo seu afán de fixar uns límites á literatura galega, a cal, segundo ela, debía manterse no canto primitivista, costumista e sentimental.

*Ramón Gutiérrez Izquierdo. Lecturas de nós. 2000.*

#### **BLOQUE I**

1.- *Fai un esquema no que se recollan as ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)*

2.- *Expresa a túa opinión sobre a idea que expresa E. Pardo Bazán de que a literatura galega non debería ir máis aló do “canto primitivista, costumista e sentimental” (Mínimo 20 liñas). (2 puntos)*

#### **BLOQUE II**

3.- *Define foneticamente as vogais tónicas de vén (l. 2), formada (l. 2), rebelde (l. 3), orde (l. 3) e letras (l. 5). (1 punto)*

4.- *Explica o significado no texto das seguintes palabras (non valen só sinónimos): tríade (l. 2), preeminente (l. 5), canon (l. 5), loanza (l. 6), afán (l. 7). (1 punto)*

5.- *Localiza e clasifica todos os que do texto. (1 punto)*

6.- *O galego entre 1900 e 1936. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)*

#### **BLOQUE III**

7.- *O teatro galego do século XX. Tendencias. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)*

*[Os alumnos que aprobaron esta materia no ano 2003 ou anteriores deben responder a seguinte pregunta: O teatro galego no século XX. O teatro da época das Irmandades. A posguerra. Propostas nos últimos anos.]*

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

## OPCIÓN B

*Era un mencer de San Xoán.  
Bañábase tras dos pinos,  
como unha ninfa, a mañán.*

*O sol —un sátiro louro—  
desfollou nos salgueirás,  
unha gargallada de ouro.*

*Ela, toda ruborosa,  
fuxiu por entre os pomares  
de Oural, vestida de rosa.*

*Mollada a súa cabeleira,  
pasou polos prados verdes.*

*—Estaba a herba mollada...—*

*Nos soutos de Valmiñor  
deixou, coa présa, enguetada  
unha madeixa de sol.*

*Pasou lixeira, lixeira,  
por un cómaro florido,  
a carón de unha silveira.*

*Díxolles adeus ás rosas  
noviñas, cando pasou,  
e quedaron señaídas.*

*Vírana pasar os vales.*

*Vírana os ermos esquivos  
i os escuros piñeirales...*

*Todos a viran pasar.*

*Iba lixeira, lixeira.*

*—Disque se afogou no mar...—*

*Aquilino Iglesia Alvariño. Corazón ao vento.*

**BLOQUE I**

1.- Ponlle un título a este poema e fai unha síntese del. (1 punto)

2.- Realiza unha reflexión sobre a presenza da natureza na nosa paisaxe e a súa importancia e transcendencia. (Mínimo 20 liñas). (2 puntos)

**BLOQUE II**

3.- Busca as formas verbais que haxa nas dúas primeiras estrofas (liñas 1-6) e indica o seu tempo, modo, número e persoa. Conxuga completos os presentes de subxuntivo de estar e valer e os presentes de indicativo de fuxir e sentir. (1 punto)

4.- No texto faise referencia a diversas paisaxes con árbores. Señala 10 substantivos que pertencen ó campo semántico de árbores froiteiras

5.- Analiza sintacticamente o texto da primeira estrofa do poema (liñas 1 a 3). (1 PUNTO)

6.- O conflito lingüístico. Definición, causas e consecuencias. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

**BLOQUE III**

7.- Noriega Varela e Ramón Cabanillas. Obras representativas e características da súa escrita. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos).

[Os alumnos que aprobaron esta materia no ano 2003 ou anteriores deben responder a seguinte pregunta: A literatura no tempo das Irmandades da Fala.]

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN A

*¿Qué ventaxas conquireu a política centralista, en orde â cultura hispana, impondo teimosamente o castelán âs demais línguas hespañolas? Logrou que durante tres séculos consecutivos non se produxese na Galiza –como na Cataluña- ningunha obra de arte literaria. Galiza –como Cataluña- ficou muda; pero, por eso mesmo, tampouco falou na lingua de Castela. ¿I en qué aproveitou a Hespaña o silenzo literario, tres veces secular de Cataluña e Galiza? Coa imposición da lingua castelán non se logrou substituír unha cultura por outra, e o fracaso da violencia uniformizadora representa unha merma considerable na vida espiritual de Hespaña. (...)*

*Un povo sometido â loita de dous idiomas acaba por non saber expresar o que sinte. Cando a un povo, que canta e fala n-unha lingua creada pol-o seu propio xenio, se lle impón a obriga de adoptar un idioma estrano â súa personalidade afeitiva, prodúcese un esmorecemento do lingoaxe, que comeza pol-a inhibición e remata pol-a impotencia. Estes trastornos que causa o bilingoismo empezaron a estudarse centíficamente en Conferencias e Congresos internacionais. Así podemos afirmar –basándonos en estudos -xa realizados- que a loita ou convivencia de dous idiomas irmáns “pode ser, coma no orde biolóxico, fador d-unha meirande perturbación”. Fica, pois, explicado ese misterioso silenzo que Galiza –como Cataluña- gardou durante tres séculos.*

Castelao

### BLOQUE I

- 1.- Indica o tema do texto e fai unha síntese del (1 punto)
- 2.- Elabora o teu comentario crítico a propósito do exposto por Castelao. (Mínimo 20 liñas). (2 puntos)

### BLOQUE II

- 3.- Segmenta morfoloxicamente as cinco palabras subliñados no texto indicando o valor de cada constituínte (1 punto)
- 4.- Explica o significado que teñen no texto: centralista (l. 1), teimosamente (l. 2), merma (l. 7), inhibición (l. 12) e perturbación (l. 15). Non son válidas as definicións só con sinónimos. (1 punto)
- 5.- Sinala os pronomes átonos do texto e indica a súa función sintáctica. (1 punto)
- 6.- Lingua minorizada e lingua minoritaria. Definición. Semellanzas e diferenzas. (Mínimo 15 liñas). (1 punto)

### BLOQUE III

- 7.- A literatura galega do exilio. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas). (3 puntos)

## LINGUA GALEGA E LITERATURA OPCIÓN B

*Parece que todos nos estamos convertendo pouco a pouco no Homo videns: a televisión, unha vez máis ten a culpa. Isto é o que vén a dicir o profesor Sartori da Universidade de Florencia (...) Sartori fala da sociedade teledirixida (...) Hoxe o poder está en se-lo rei do mando. (...) Aí reside o verdadeiro poder doméstico, no control familiar da programación; o mesmo que, a grande escala, o poder reside en posuír televisións ou en controlalas.*

*A influencia pavorosa da televisión descansa nun feito innegable. A súa omnipresencia. Resulta moi difícil safarse dela. Pero hai algo máis: a pesar das críticas que suscita e das polémicas que levanta, a tele provoca certa adicción (xa hai centros para desintoxicación de internautas empedernidos: imaxino que debería existir algo similar para os televidentes enganchados). Para colmo de males, a mensaxe da televisión é extraordinariamente simple e cómoda: a imaxe vese, sen máis, case sen querer. Non é necesario un acto volitivo especial, como pode ser coller un libro do estante e lelo. A televisión teno todo ó seu favor porque logrou coarse como o electrodoméstico imprescindible do fogar, moi por encima da lavadora ou do lavalouza. Como di Sartori, o libro converteuse en algo demasiado elitista e minoritario, cando non sospeitoso de intelectualidade, mentres a tele, cunha mensaxe frecuentemente simplificadora, edulcorada e coloreada, entra sen máis nas nosas vidas con pasmosa facilidade. A televisión é para a cultura o que a hamburguesa para a gastronomía: unha comida rápida, pero universalmente estendida.*

*José Miguélez Giráldez*

### BLOQUE I

- 1.- *Elabora un esquema das ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)*
- 2.- *Redacta un comentario crítico sobre o exposto polo autor nas catro últimas liñas do texto. (Mínimo 20 liñas). (2 puntos)*

### BLOQUE II

- 3.- *Busca e clasifica as conxuncións do texto. (1 punto)*
- 4.- *Defíne as cinco palabras subliñadas no texto. Non é válida a definición só con sinónimos (1 punto).*
- 5.- *Analiza sintacticamente a seguinte oración: A televisión teno todo ó seu favor porque logrou coarse como o electrodoméstico imprescindible do fogar. (1 punto)*
- 6.- *A normalización lingüística do galego. Estado actual e perspectivas da lingua galega. (Mínimo 15 liñas). (1 punto)*

### BLOQUE III

- 7.- *Tendencias da narrativa galega de posguerra. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas). (3 puntos)*



## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN A

A cachimba, case apagada, volveu á boca de Luís Suances, que aspirou varias veces seguidas ata lograr unha boa e mesta calada. Logo, botou a silla un pouco para atrás, cabalgou a perna con discreción, ergueu a cabeza cara a Nivardo e mostrou unha ollada reanimada, como se fose expoñer unha aguda e benquerida hipótese.

—“Non, non quero dicir iso, pero trátase de algo parecido. Trátase de que vostede e eu imaxinemos que hai outras versións. Os propios xornais apuntáranas no seu día: que o barco foi secuestrado polo Frente Polisario, que traficaba con armas, que transportaba mercenarios para unha acción nun país centroafricano, que o levaron ó Caribe para cambiarlle o aspecto, que está a navegar por augas de Guinea Conarky ou de Senegal. ¡Eu que sei!. As posibilidades que se lles ocorran...”

—“¿Por que ten vostede tanto interese en todo isto?”.

Os ollos do vello armador, que se encheran dunha certa paixón disquisitiva, xeáronse de repente, e o seu lene sorriso, a penas comezado, esfumiñouse relevado pola severidade:

—“Porque un dos homes que ía no barco era o meu fillo Pedro”.

C. Reigosa. O misterio do barco perdido.

#### **BLOQUE I**

1.- Sinala o tema e fai unha síntese do texto. (1 punto)

2.- Dá a túa opinión sobre a situación da emigración ilegal que se está a producir desde os países do norte de África cara a Europa. (Mínimo 20 liñas). (2 puntos)

#### **BLOQUE II**

3.- Segmenta morfoloxicamente as seguintes palabras indicando o valor de cada constituínte: benquerida (l. 3), apuntáranas (l. 6), mercenarios (l. 7), armador (l. 11), ía (l. 13). (1 punto)

4.- O texto está encadrado dentro do mundo do mar. Escribe un campo semántico de dez elementos que teñan como trazo sémico común **peixes mariños**. (1 punto)

5.- Analiza morfolóxica e sintacticamente as formas que sinaladas no texto. (1 punto)

6.- Bilingüismo e diglosia. Definición, causas e consecuencias. (Mínimo 15 liñas). (1 punto)

#### **BLOQUE III**

7.- Tendencias actuais da lírica, da narrativa, da dramática e da ensástica. (Mínimo 20 liñas). (3 puntos)

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### OPCIÓN B

Por moi eficaz protección que desde as rexións do Poder se chegue a outorgarnos (esperanza que hoxe por hoxe é ilusoria), nunca abondará para facer avanzar con firmeza estas atrasadas provincias polo carril do progreso, mentres elas non aprendan a estimarse no que valen, gabadas ós seus propios ollos polo sentimento da súa dignidade, e mentres un mesmo espírito de fraternidade non as una con fortes lazos, alentándose e auxiliándose reciprocamente para o ben. E ¿é se cadra indiferente para isto o cultivo e a estima do idioma provincial? ¿Pode cualificarse de afán estéril e mesmo ridículo o patriótico empeño de gabar a lingua, prestándolle os encantos da harmonía métrica, e esforzándose por erguer o edificio da nosa literatura? Non falta quen así o crea; non falta quen, co riso nos beizos, alcume de extravagante miudenza os ensaios feitos nun dialecto que, na súa opinión, nada se perdería de desaparecer absorbido polo sonoro idioma de Cervantes e Granada.

Así e todo, ós pobos que non queiran avergoñarse de si mesmos perante os demais; ós que desexen facer valer a súa honra e dignidade de raza ou de nación, cómprelles que comecen pola estima e glorificación da súa linguaxe. O idioma dunha nación é, de así podelo dicir, a súa alma, o seu carácter encarnado e exteriorizado nos sons: é o espello onde máis viva e fielmente se reflecten a súa índole e tendencias, os seus gustos e costumes. Desprezar o seu idioma é desprezarse a si mesmo.

X. A. Saco Arce (traducido). 1878

#### BLOQUE I

- 1.- Sinala cal é a estrutura do texto. (1 punto)
- 2.- Comenta e valora as ideas presentes no texto. (Mínimo 20 liñas). (2 puntos)

#### BLOQUE II

- 3.- Clasifica os adverbios do texto, tendo en conta o seu significado. (1 punto)
- 4.- Sinala un sinónimo e un antónimo das cinco palabras subliñadas no texto. (1 punto)
- 5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: Desprezar o seu idioma é desprezarse a si mesmo. (1 punto)
- 6.- O galego do 1975 á actualidade. Marco legal.(1 punto)

#### BLOQUE III

- 7.- Os modelos narrativos de finais do século XX. Características. Autores e obras. (3 puntos)

<http://ciug.cesqa.es/actualizacion/marcopaau.html>

**Páxina da CIUG cos exames, criterios e respostas dos últimos anos: exames, criterios, solucións/ escoller o ano e a materia**